**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 16 de DECEMBRO de 2011**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 16 de decembro de 2011, ás DOCE HORAS.

## ASUNTOS

### Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 13/11, do 25 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.301 á nº 21.100, de 2011.

3.- Proposición da Presidencia sobre modificación do representante da corporación no organismo Fundación Privada Democracia e Goberno Local.

### Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

4.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011 novena fase integrado polo proxecto: DP 7504 Castelo a Carnoedo PQ. 0-1,38 (Sada).

5.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2011, sexta fase: senda peonil DP 3203 Curtis a Raia PQ 0+33 a 0+79; senda peonil na DP 2703 Figueira a Pte. Cabalos PQ 00,-0,6; Senda peonil na DP 9002 A Golada-Betanzos-Mezonzo 0-1,2.

6.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2011, 5ª fase, integrado polo proxecto: Reforzo do firme na DP 1201 Rodiño a Codeso por Boqueixón.

7.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2007, 7ª fase, integrada polo proxecto: senda peonil en Vilar da Torre na DP Vilar da Torre-Ceilán (A Baña).

8.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2011, 6ª fase, integrado polo proxecto: Mellora de accesibilidade na DP 3612 Aneiros á Cabana PQ 0,8-1,0 e DP 3608 Serantes a Doniños PQ 0-1,2.

9.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2011, 8ª fase, integrado polos proxectos: DP 1704 Ponte de Cela a Lema PQ 0,63-2,32; senda peonil na DP 3404 Serra de Outes a Dumbría, PQ 10,87-11,64 Mazaricos; senda peonil na DP 8401 A Tablilla ó Agro do Mestre por Pontepedra.

10.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011, décimo primeira fase, integrado polos proxectos: DP 3612 Aneiros- A Cabana PQ 0-0,82 e DP 3609 Os Corrás- A Malata PQ 0,92-1,53; DP 0701 Santiago a Sta. Comba PQ 6,5-11,7; DP 1914 Carballo a Portomouro PQ 28,8-29,1.

11.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2011, décima fase, integrado polo proxecto: Construción rotondas no Polígono de Sabón no vial 1 da DP 0509 rede viaria do Polígono de Sabón.

**Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

12.-Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Toques para o financiamento da realización das obras de "Demolición lousa de formigón", "Pavimentación en Foxo do Cabrito e outros", "Abastecemento de auga do Acibadoiro, Casavella e A Gramela" e "Pavimentación camiño en Castelo (Paradela) e outros".

13.-Aprobación da modificación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar a adquisición do predio Forno da Costa.

**Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

14.-Aprobación do proxecto reformado da obra "Pavimentación camiños Figueroa, Montouto e Vizoño" do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010 co código: 10.2100.0002.0.

15.-Aprobación da modificación do proxecto da obra "Saneamento no Cepiño" do Concello de Betanzos, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2011. Código: 11.3300.0192.0.

16.-Aprobación da 4ª fase da anualidade 2011 do proxecto Mandeo cofinanciado con Fondos Feder.

17.-Aprobación do proxecto reformado da obra "Saneamento e depuración Senande e Os Muíños" do Concello de Muxía, incluída na 1ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009. Código 09.3300.0077.0.

18.-Ratificación da Resolución da Presidencia nº 21.955 do 28-11-2011 pola que se rectifica a modificación da distribución interna do financiamento da obra nº 165 do Concello de Paderne, incluída no Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011.

**Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

19.-Aprobación do orzamento xeral para o exercicio económico 2012 e bases de execución.

20.-Toma de coñecemento dos informes correspondentes ao primeiro, segundo e terceiro trimestre de 2011 do cumprimento pola Fundación Axencia Enerxética

Provincial da Coruña (FAEPAC) do artigo catro da Lei 15/2010 do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

21.-Toma de coñecemento do informe correspondente ao terceiro trimestre de 2011 do cumprimento polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña do artigo catro da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

22.-Aceptación da ampliación das delegacións de competencias tributarias do Concello de Aranga en materia de xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especias constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas.

23.-Toma de coñecemento das auditorías de control financeiro de subvencións: informe sobre actuacións pendentes do Plan de 2010 e situación do Plan de 2011. Consideracións máis relevantes.

24.-Aprobación do Proxecto rede Xiana 2.

**Comisión de Persoal e Réxime Interior**

25.-Aprobación do cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigramas 2012.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 16 DE DECEMBRO DE 2011**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 16 de decembro de 2011, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON DIEGO CALVO POUSO PP

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

| | |
|---|---|
| DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO | PP |
| DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ | PP |
| DON ANTONIO CAÑÁS VARELA | PP |
| DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA | PP |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN | PP |
| DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ | PP |
| DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA | PSOE |
| DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA | PP |
| DON MARIANO IGLESIAS CASTRO | PSOE |
| DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO | PSOE |
| DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO | PSOE |
| DON CÉSAR LONGO QUEIJO | PSOE |
| DON ANTONIO NEGREIRA NOYA | BNG |
| DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ | PP |
| DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES | PP |
| DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA | BNG |
| DON XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| DON MANUEL RIVAS CARIDAD | PP |
| DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ | PP |
| DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO | PSOE |
| DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS | PP |
| DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN | PP |
| DONA SILVIA SEIXAS NAIA | BNG |
| DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DONA AMANCIA TRILLO LAGO | PSOE |
| DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE | PSOE |

DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY PP
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 13/11, DO 25 DE NOVEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 13/11, do 25 de novembro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 19.301 Á Nº 21.100, DE 2011.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 19.301 á nº 21.100, de 2011.

**3.- PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE MODIFICACIÓN DO REPRESENTANTE DA CORPORACIÓN NO ORGANISMO FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL.**

Por unanimidade, apróbase a ratificación da inclusión deste punto na orde do día e apróbase a proposición da Presidencia tamén por unanimidade.

"Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Visto que o artigo 35 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), lle atribúe ao Pleno a competencia para o nomeamento de representantes da Corporación en toda clase de órganos colexiados nos que deba estar representada.

Resultando que como consecuencia do acordo plenario do 29 de xullo de 2011, foi nomeado o deputado Don Manuel Rivas Caridad como representante da Corporación no organismo FUNDACIÓN PRIVADA DEMOCRACIA Y GOBIERNO LOCAL e considérase a conveniencia de que o representante no citado organismo sexa o presidente da Deputación, D. Diego Calvo Pouso.

En consecuencia, PROPÓN AO PLENO, despois da ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

"Modificar o acordo plenario do 29 de xullo de 2011, nomeando como representante da Deputación na Fundación Privada Democracia y Gobierno Local ao presidente da Deputación, D. Diego Calvo Pouso no lugar de Don Manuel Rivas Caridad."

**4.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011 NOVENA FASE INTEGRADO POLO PROXECTO: DP 7504 CASTELO A CARNOEDO PQ. 0-1,38 (SADA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2011, novena fase, cun orzamento total de 154.541,61euros integrado polo proxecto que a seguir de detalla

| CÓDIGO | PRESUPOSTO | PROXECTO |
|---|---|---|
| 11.1110.0011.0 | 154.541,61 | DP 7504 CASTELO A CARNOEDO PQ. 0-1,38 (SADA) |

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, considerararanse definitivamente aprobado."

**5.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011, SEXTA FASE: SENDA PEONIL DP 3203 CURTIS A RAIA PQ 0+33 A 0+79; SENDA PEONIL NA DP 2703 FIGUEIRA A PTE. CABALOS PQ 00,-0,6; SENDA PEONIL NA DP 9002 A GOLADA-BETANZOS-MEZONZO 0-1,2.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º.- Aprobar o Plan de sendas peonís cun orzamento total de 343.444,33 euros que a seguir se detallan

| DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|---|---|
| SENDA PEONIL EN DP 3203 CURTIS A RAIA PK 0+33 0+79 CODIGO 11.1170.0008.0 CURTIS | 104.560,66 |
| SENDA PEONIL EN DP 2703 FIGUEIRA A PTE. CABALOS PK 0,-0,6 CODIGO 11.1170.0009.0 COIROS | 110.541,26 |
| SENDA PEONIL EN DP 9002 GOLADA-BETANZOS-MEZONZO 0-1,2 CODIGO 11.1170.0010.0 | 128.342,41 |
| TOTAL | 343.444,33 |

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, considerararanse definitivamente aprobados."

**6.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, 5ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: REFORZO DO FIRME NA DP 1201 RODIÑO A CODESO POR BOQUEIXÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011, 5ª fase, cun orzamento total de 16.637,52 euros que a seguir se detalla:

| DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|---|---|
| REFORZO DE FIRME DP 1201 RODIÑO A CODESO POR BOQUEIXON<br>11.1100.0030.0 | 16.637,52 |

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados."

**7.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2007, 7ª FASE, INTEGRADA POLO PROXECTO: SENDA PEONIL EN VILAR DA TORRE NA DP VILAR DA TORRE-CEILÁN (A BAÑA).**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º.- Aprobar o Plan de sendas peonís, sétima fase, cun orzamento total de 50.358,64 euros, que se financiará con cargo á aplicación 0202/454B/60900 que a seguir se detalla

| DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|---|---|
| SENDA PEONIL EN VILAR DA TORRE EN DP VILAR DA TORRE-CEILAN (A Baña)<br>CODIGO 11.1170.0011.0 | 50.358,64 |

2º.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados."

**8.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, 6ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA DP 3612 ANEIROS Á CABANA PQ 0,8-1,0 E DP 3608 SERANTES A DONIÑOS PQ 0-1,2.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2011, sexta fase, cun orzamento total de 26.677,02 euros que se financiará con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que a seguir se detalla integrado polo proxecto

| DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|---|---|
| MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA DP 3611 ANEIROS A CABANA PK 0,8-1,0 E DP 3608 SERANTES A DONIÑOS PK 0-12 (FERROL) CODIGO 11.1100.0031.0 | 26.677,02 |

2.- Expor ao público o proxecto mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobado."

**9.-APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2011, 8ª FASE, INTEGRADO POLOS PROXECTOS: DP 1704 PONTE DE CELA A LEMA PQ 0,63-2,32; SENDA PEONIL NA DP 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA, PQ 10,87-11,64 MAZARICOS; SENDA PEONIL NA DP 8401 A TABLILLA Ó AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o Plan de sendas peonís, oitava fase, cun orzamento total de 442.686,80 euros que se financiará con cargo á aplicación 0202/454B/60900 que a seguir se detallan

| DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|---|---|
| DP 1704 PONTE DE CELA A LEMA PQ 0.63 -2,32 CÓDIGO 11.1170.0012.0 CAMBRE | 280.771,62 |
| SENDA PEONIL NA DP 3404 SERRA OUTES A DUMBRÍA PK 10,87 -11,64 MAZARICOS CÓDIGO 11.1170.0013.0 | 95.025,18 |
| SENDA PEONIL EN DP 8401 TABLILLA A AGRO DO MESTRE POR PONTEPEDRA CÓDIGO 11.1170.0014.0 TORDOIA | 66.890,00 |
| TOTAL | 442.686,80 |

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados."

**10.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, DÉCIMO PRIMEIRA FASE, INTEGRADO POLOS PROXECTOS: DP 3612 ANEIROS- A CABANA PQ 0-0,82 E DP 3609 OS CORRÁS- A MALATA PQ 0,92-1,53; DP 0701 SANTIAGO A STA. COMBA PQ 6,5-11,7; DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO PQ 28,8-29,1.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2011, décimo primeira fase, cun orzamento total de 541.920,68 euros que se financiará con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que a seguir se detallan

| DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|---|---|
| DP 3612 ANEIROS-CABANA PK 0-0,82 E DP 3609 CORRAS-MALATA PK 0,92-1,53<br>CÓDIGO 11.1110.0013.0 | 106.683,21 |
| DP 0701 SANTIAGO A STA. COMBA PK 6,5 -11,7<br>CÓDIGO 11.1110.0014.0 | 309.040,35 |
| DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO PK 28,8-29-1<br>CÓDIGO 11.1110.0015.0 | 126.197,12 |
| TOTAL | 541.920,68 |

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados."

**11.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2011, DÉCIMA FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO: CONSTRUCIÓN ROTONDAS NO POLÍGONO DE SABÓN NO VIAL 1 DA DP 0509 REDE VIARIA DO POLÍGONO DE SABÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobación do Plan de vías provinciais 2011, décima fase, cun orzamento total de 263.591,00 euros que se financiará con cargo á aplicación 0401/453A/60900 que a seguir se detalla

| DENOMINACION | PRESUPOSTO |
|---|---|
| CONSTRUCION ROTONDAS NO POLÍGONO DE SABÓN NO VIAL 1 DA DP 0509 REDE VIARIA DO POLÍGONO DE SABÓN 11.1110.0012.0 | 263.591,00 |

2.- Expor ao público o proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerásese definitivamente aprobado."

**12.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE TOQUES PARA O FINANCIAMENTO DA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE "DEMOLICIÓN LOUSA DE FORMIGÓN", "PAVIMENTACIÓN EN FOXO DO CABRITO E OUTROS", "ABASTECEMENTO DE AUGA DO ACIBADOIRO, CASAVELLA E A GRAMELA" E "PAVIMENTACIÓN CAMIÑO EN CASTELO (PARADELA) E OUTROS".**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar a modificación do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Toques para o financiamento da realización das obras de "Demolición Lousa de Formigón", "Pavimentación en Foxo do Cabrito e outros", "Abastecemento de auga de Acibadoiro, Casavella e Gramela" e "Pavimentación camiño en Castelo (Paradela) e outros, cuxo convenio inicial foi formalizado o 23 de decembro de 2010 nº 380/2010, a solicitude do Concello de Toques modifícase da seguinte forma:

Aprobar o texto do convenio co Concello de Toques para financiar a realización das obras en camiños municipais

| TÍTULO | PRESUPOSTO |
|---|---|
| ACCESO PISTA PARADELA | 20.213,97 |
| PAVIMENTACION EN FOXO DO CABRITO E OUTROS | 36.738,37 |
| ABASTECEMENTO DE AUGA A ACIBADOIRO, CASAVELLA E GRAMELA | 13.744,81 |
| PAVIMENTACION CAMIÑO EN CASTELO (PARADELA) E OUTROS | 79.302,86 |
| TOTAL..... | 150.000,01 |

**13.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DO PREDIO FORNO DA COSTA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Modificar o obxecto do convenio aprobado pola Resolución da Presidencia 27341 do 29-12-2010 "Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar a adquisición de dous predios "Fornos Tradicionais de Buño".

A citada modificación consiste na adquisición do predio do Forno da Costa cunha superficie de 526 m2 cunha achega da Deputación de 26.874,00 euros, o cal supón unha porcentaxe de financiamento do 76,71% que se imputará á partida 0202/334B/76201."

**14.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN CAMIÑOS FIGUEROA, MONTOUTO E VIZOÑO" DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010 CO CÓDIGO: 10.2100.0002.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "Pav. Camiños Figueroa, Montouto e Vizoño" do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) anualidade 2010, co código: 10.2100.0002.0, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración da finalidade ou do obxecto desta, pero implica unha variación de trazado dun dos camiños que se ha pavimentar.

| | | Financiamento co 18% de IVE | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Código | Denominación Concello | Deputación Fondos propios | Deputación Préstamo | Estado | Concello | Orzamento Total |
| 10.2100.0002.0 | Pav. Camiños Figueroa, Montouto e Vizoño (Abegondo) | 33.565,54 | 32.474,21 | 16.184,93 | 4.486,00 | 86.710,68" |

## 15.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "SANEAMENTO NO CEPIÑO" DO CONCELLO DE BETANZOS, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2011. CÓDIGO: 11.3300.0192.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar a modificación do proxecto da obra "Saneamento no Cepiño" do Concello de Betanzos, que deseguido se indica, incluída na 1ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, anualidade 2011, co código: 11.3300.0192.0, que representa unha diminución no seu orzamento total xa que non se executan algunhas das partidas do proxecto aprobado inicialmente.

| 11.3300.0192.0 | Saneamento no Cepiño (Concello de Betanzos) | | |
|---|---|---|---|
| Axentes cofinanciadores | Proxecto inicial | Proxecto modificado | Diferenza |
| Deputación f.p. | 154.676,16 | 114.516,41 | -40.159,75 |
| Concello | 26.753,13 | 20.250,00 | -6.503,13 |
| **TOTAL** | 181.429,29 | 134.766,41 | **-46.662,88** |

## 16.-APROBACIÓN DA 4ª FASE DA ANUALIDADE 2011 DO PROXECTO MANDEO COFINANCIADO CON FONDOS FEDER.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Vista a relación de actuacións que deseguido se indican, que desenvolven o contido do proxecto reformulado denominado "Mandeo. Posta en valor das cuncas fluviais 1ª fase: Río Mandeo", financiado cunha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) con cargo á convocatoria 2007, que afecta ao período 2007-2010,

de axudas FEDER para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

1º.- Aprobar a cuarta fase da anualidade 2011 do Proxecto Mandeo na que se inclúen as actuacións que deseguido se indican, que serán contratadas por esta Deputación:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | 2011 |
|---|---|---|
| | | Feder |
| | | Deputac |
| | | **Total** |
| 11.2800.0056.0 | Centro interpretación Chelo. Pr.Mandeo | 521.528,00 |
| | | 223.512,00 |
| | | **745.040,00** |
| 11.2800.0057.0 | Manipulación,almacén,distribución material Pr.Mandeo | 7.000,00 |
| | | 3.000,00 |
| | | **10.000,00** |
| | | |
| | | **528.528,00** |
| | **T O T A L 4ª fase anualidade 2011** | **226.512,00** |
| | | **755.040,00** |

2º.- O financiamento destas actuacións realizarase con cargo á partida 0501/172D/650 do Orzamento provincial para o exercicio 2011.

3º.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación disposta na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia."

**17.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA "SANEAMENTO E DEPURACIÓN SENANDE E OS MUÍÑOS" DO CONCELLO DE MUXÍA, INCLUÍDA NA 1ª FASE DO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2009. CÓDIGO 09.3300.0077.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aprobar o proxecto reformado da obra "San. e depuración Senande e Os Muíños" do Concello de Muxía, incluída na 1ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2009, código:09.3300.0077.0, cun orzamento de contrata de 563.956,18 €, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin

cambio da finalidade da obra, nin das condicións esenciais do contrato, si implica alteración do trazado inicial previsto no proxecto orixinal, todo isto sen prexuízo da posterior aplicación do incremento do IVE do 16% ao 18%, como consecuencia da modificación deste tipo impositivo que entrou en vigor o 1 de xullo de 2010 e de conformidade co acordado polo Pleno na sesión do 26 de marzo de 2010, en virtude do cal a Deputación financiará o incremento do IVE correspondente ao proxecto inicialmente aprobado.

| Código | Concello | Denominación | Deputación F.propios | Concello. | Orzamento Total |
|---|---|---|---|---|---|
| 09.3300.0077.0 | Muxía | San. e depuración Senande e Os Muíños | 507.560,56 | 56.395,62 | 563.956,18" |

**18.-RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 21.955 DO 28-11-2011 POLA QUE SE RECTIFICA A MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DA OBRA Nº 165 DO CONCELLO DE PADERNE, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Ratificar a Resolución de Presidencia nº 21.955 do 28-11-2011 pola que se rectifica a modificación da distribución interna do financiamento da obra nº 165 do Concello de Paderne, Incluída no Plan provincial de obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, cuxo contido é o seguinte:

"Visto o acordo plenario de 28 de outubro de 2011 desta Deputación polo que se acordou aprobar a modificación da distribución interna do financiamento do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, aprobado por acordo plenario do 25 de febreiro de 2011, modificado o 29 de abril de 2011, cofinanciado entre o Ministerio de Política Territorial e Administración Pública (MPT e AP), Deputación fondos propios e Concello.

Visto o artigo 6 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, que prevé a posibilidade de que a subvención do MPT e AP alcance ata o 40% ou 50% do orzamento de cada proxecto en función do tipo de obra de que se trate.

Visto o escrito da Dirección Xeral de Cooperación Local do MPT e AP recibido nesta Deputación o 25 de novembro de 2011 no que se indica que o importe da subvención estatal da obra nº 165 excede a porcentaxe límite do 50%.

Visto o apartado décimo da Orde APU/293/2006, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais que indica que as Deputacións provinciais deberán remitir á Dirección Xeral de

Cooperación Local a certificación de adxudicación das obras (modelo 3A) antes do 1 de decembro do exercicio correspondente á aprobación do plan.

1.- Rectificar a modificación da distribución interna do financiamento da obra nº 165 do Concello de Paderne incluída no POS 2011 co código: 11.2100.0165.0, que foi aprobada por acordo plenario do 28 de outubro de 2011, no sentido seguinte:

**FINANCIAMENTO APROBADO POR ACORDO PLENARIO DO 28 DE OUTUBRO DE 2011:**

| Concello: Paderne | | | |
|---|---|---|---|
| Denominación: Mell.pav.v.p.en prrq. Vilamourel, Vigo, Paderne e ou. | | | |
| Código: 11.2100.0165.0 | Financiamento inicial | Financiamento modificado | Diferenza |
| Estado | 18.502,62 | **46.743,95** | 28.241,33 |
| Deputación fondos propios | 70.309,18 | **42.067,85** | -28.241,33 |
| Concello | 4.675,19 | 4.675,19 | 0,00 |
| **TOTAL** | **93.486,99** | **93.486,99** | **0,00** |

**NOVO FINANCIAMENTO:**

| Concello: Paderne | | | |
|---|---|---|---|
| Denominación: Mell.pav.v.p.en prrq. Vilamourel, Vigo, Paderne e ou. | | | |
| Código: 11.2100.0165.0 | Financiamento inicial | Financiamento modificado | Diferenza |
| Estado | 18.502,62 | **46.743,49** | 28.240,87 |
| Deputación fondos propios | 70.309,18 | **42.068,31** | -28.240,87 |
| Concello | 4.675,19 | 4.675,19 | 0,00 |
| **TOTAL** | **93.486,99** | **93.486,99** | **0,00** |

2.- Remitir o novo modelo 3A cos datos de adxudicación desta obra nº 165 do Concello de Paderne para a súa recepción pola Dirección Xeral de Cooperación Local antes do 1 de decembro de 2011.

3.- Ratificar, se procede, o contido desta Resolución na próxima sesión plenaria que realice esta Deputación.

4.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou as reclamacións que se consideren oportunas.

5.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos establecidos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral del Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

6.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos art. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

7.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, poderanse proseguir as actuacións".

**19.-APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2012 E BASES DE EXECUCIÓN.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Freire Abeijón

Bos días, grazas, presidente. Expómoslle ao Pleno a aprobación do orzamento para o exercicio 2012 e, en liñas xerais, este orzamento sobre o que agora imos debater, contempla unha redución do orzamento con respecto ao ano 2011 de case un 22%, concretamente un 21,74%. Contará con aproximadamente 137 millóns de euros, que logo detallarei por partidas, para o próximo exercicio, con respecto aos 175 millóns que contemplaba o orzamento do actual exercicio 2011.

Este recorte prodúcese fundamentalmente como consecuencia da minoración da participación de tributos do Estado e é unha consecuencia negativa dunha inadecuada política orzamentaria do Goberno do Estado, reiterado ano tras ano, desde o exercicio 2008 ata o presente. Ante este escenario vémonos obrigados, loxicamente, a diminuír considerablemente, ata un 22%, os recursos desta institución provincial. Tiñamos unha alternativa que era demorar a aprobación dos orzamentos e esperar a que estivesen aprobados os Orzamentos Xerais do Estado pero iso suporía, posiblemente, causar uns danos maiores aos seus beneficiarios, co cal entendemos que a pesar de que a recente data de celebración das eleccións xerais non posibilitou que estes Orzamentos do Estado estivesen aprobados en tempo e que iso obriga á Deputación a ter que facer unha estimación que consideramos adaptable e variable ao longo do exercicio dado que non estamos a falar con termos absolutos definidos, senón que pode haber algún axuste como consecuencia desta participación final. Consideramos unha decisión estratéxica e un exercicio de responsabilidade someter hoxe este orzamento antes de final do exercicio, de forma que poida entrar en vigor a principios do próximo ano. E esta falta de información sobre as magnitudes de ingresos e gastos que deben contar os Orzamentos Xerais do Estado, dalgunha forma condiciona que hoxe teñamos que aprobar un orzamento nunhas condicións que non son as habituais para este organismo provincial. Esta estratexia orzamentaria, como dicía, pode ser variable e adaptativa, unha vez que teñamos constancia clara dos ingresos acreditados a 30 de xuño de 2012 e tamén se a liquidación do orzamento do exercicio 2011 contempla uns remanentes de tesourería que poidan maiorar significativamente algunha desas partidas.

En principio estes orzamentos fan unha aposta clara por unha área especialmente sensible, como é a área de Servizos Sociais, e onde se expón unha intensa colaboración entre a Administración provincial e a Administración autonómica, este marco de colaboración e coordinación entre a institución provincial e a Xunta desenvólvese en distintos apartados do citado orzamento e concretamente na área de Servizos Sociais, a pesar da diminución considerable que se produce noutras partidas, increméntase ata un 20,6%, en 2011 era dun 15,3 con respecto á totalidade do orzamento e non só en termos porcentuais, senón en termos absolutos, dado que a previsión nesta área de gasto era de 8,9 millóns, no exercicio 2011 pasa a ser unha previsión de 9,1 no exercicio 2012, que ademais podería incrementarse ao longo do exercicio e que fundamentalmente vai orientada a compensar a diminución por parte da Xunta na área de Servizos Sociais orientada aos concellos e a outras entidades de carácter social.

Exponse tamén como novidade a implantación dun sistema de promoción de emprego a través da Deputación que xorde tamén como froito da colaboración e coordinación coa Administración autonómica, que contempla unha achega de 1,5 millóns de euros e que está orientada ao fomento do emprego, sobre todo nas áreas de interese xeral e social nos concellos da provincia este programa executarase mediante transferencias de capital aos concellos de forma que cun mecanismo de selección similar ao que pode ser o Plan de cooperación que ten en vigor a Consellería de Traballo, permitiría que os concellos poidan seleccionar e contratar persoal para cubrir determinadas áreas destes servizos e con iso, loxicamente, tentar minorar esa carga e esa secuela que é o paro que afecta a moitos dos concidadáns desta provincia.

Prodúcese tamén este orzamento dentro de buscar unhas condicións de estabilidade orzamentaria e dentro dun nivel de endebedamento razoable partindo da base de que se consegue manter un nivel de débeda nos niveis máis baixos desde o ano 1998 sería a menor en 23 anos, volvendo a cifras deste ano e manexándonos nunhas contías ao redor de 74 millóns de euros, e onde a carga financeira prevista para este exercicio rolda os 16 millóns de euros. E habilítase tamén a posibilidade de que os remanentes vaian orientados fundamentalmente aos concellos co ánimo de compensar e permitir axustes para evitar causarlle graves prexuízos aos concellos, e como é evidente que para poder cadrar este orzamento e facer un axuste de practicamente un 22%, hai áreas nas que hai que facer recortes, na área de gasto corrente exponse un recorte dun 13% e isto é consecuencia de reiteradas reunións do presidente cos membros e cos presidentes das distintas comisións para tentar axustar e facer posible que, sen danar significativamente os servizos se poida reducir un 13% de tal forma que este recorte de gasto prodúcese tamén, non só nesa prestación de servizos, senón tamén nos gastos de persoal de goberno eventual e que, máis ou menos, vai supor ao longo da lexislatura un aforro de aproximadamente un millón de euros.

Contémplase tamén unha subida salarial, seguindo os criterios do IPC para o persoal funcionario e laboral da Deputación. Exponse a revisión dalgunhas bases de subvencións, co obxectivo tamén de aumentar a autonomía na decisión por parte dos concellos de tal forma que poidan aumentar a súa autonomía á hora de decidir unha

aposta maior polo gasto corrente e por determinados servizos sociais, dado que nos atopamos ante unha situación onde previsiblemente haxa que limitar e axustar moitos novos investimentos, e as distintas administracións teremos que facer unha aposta seguramente nos próximos anos por manter os servizos existentes sen dotarnos de grandes infraestruturas e de grandes investimentos, salvo naquelas cuestións que sexan estritamente necesarias e que sexan de valor estratéxico para o desenvolvemento da actividade na provincia.

Canto ás subvencións e convenios séguese adiantando parte deses recursos aos concellos para facilitar e colaborar no arranxo da súa delicada situación de tesourería, e máis ou menos estas son as liñas mestras nas que se vai basear este orzamento, tendo en conta que, volvo insistir, en que leva a cabo e desenvólvese un plan de colaboración e coordinación entre distintas administracións co obxectivo de compensar posibles carencias por parte doutras administracións, pero tamén co ánimo de que os usuarios finais, os veciños desta provincia, non se vexan privados de determinados servizos e de determinados investimentos que, como antes comentaba, terían unha importancia estratéxica en moitas áreas da provincia.

Contémplase no estado de gastos, como operacións non financeiras, en operacións correntes para gastos de persoal 38.656.689 euros, para gastos correntes en bens e servizos 24.569.340 euros, para gastos financeiros 1.742.260 euros, e para transferencias correntes, 31.661.026 euros o que fai que estes catros apartados das operacións correntes, xunto coas operacións de capital que contempla para investimentos reais 11.756.674 euros e para transferencias de capital 15.475.403 euros, xunto coas operacións financeiras mediante activos financeiros, por un valor de 954.575 euros e pasivos financeiros por un valor de 12.182.531 euros, o que fai un total de 136.998.500 euros, como gastos previstos para o próximo orzamento.

E no estado de ingresos contémplanse mediante impostos directos o ingreso de 12.617.780 euros, como impostos indirectos 7.771.040 euros, como taxas, prezos públicos e outros ingresos 8.752.640 euros, como transferencias correntes, fundamentalmente de participación de tributos do Estado, 89.707.756 euros, e como ingresos patrimoniais, 3.395.104 euros. Como operacións de capital para alleamentos de investimentos reais, 2.600.400 euros, e como transferencias de capital, 3.023.778 euros. Para activos financeiros, 730.000 euros e como pasivos financeiros 8.400.000 euros, aos cales se recorrería ao longo do exercicio de non producirse ningún dos ingresos previstos a través de remanentes, de forma que se se garante esa incorporación de remanentes e se garante unha maior achega por parte dos tributos do Estado, tampouco se recorrería a esta operación de crédito, e fundamentalmente o que antes mencionabamos é que a maior minoración prodúcese na partida de transferencias correntes de participación de tributos do Estado, que se ve minorada claramente con respecto ao pasado exercicio.

Atopámonos ante un escenario complicado, son os orzamentos máis reducidos dos últimos anos, pero entendemos que se traballou e que se fixo cun criterio obxectivo, tentando non danar de forma significativa ningún deses servizos e,

loxicamente, queda a interpretación dos demais grupos que esta decisión sexa adecuada ou non, pero entendemos que para poder facer este nivel de recortes era necesario actuar sobre moitas áreas e, posiblemente, cada un poida interpretar cales eran máis convenientes ou non, pero o que está claro é que de querer aprobalo hoxe tiñamos unha única alternativa, que era esta.

Remato, esperando contar co consenso desenvolvido neste organismo durante os últimos anos, esperando que, a pesar de ser conscientes destes recortes que falabamos, que os demais grupos sexan capaces tamén de interpretar e de entender por que motivos se fixeron estes. Moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Bos días, Sr. presidente, bos días, Sres. e Sras. Antes de nada queremos expresar o agradecemento do Grupo Provincial do BNG aos servizos técnicos desta administración polo esforzo que cada ano fan para que esta Deputación poida presentar o documento orzamentario a debate, e por facilitarnos o traballo aos grupos políticos que integramos esta Corporación.

Eu lamento, Sr. portavoz do Partido Popular, que esta vez non poidamos chegar ao consenso. Hoxe preséntannos vostedes uns orzamentos a debate, os orzamentos son un instrumento económico fundamental para o desenvolvemento das políticas que se pretenden executar de cara a conseguir o que debe de ser o obxectivo final, cubrir as necesidades da sociedade. Reflicten, dunha maneira moi concreta a fórmula de analizar a realidade e de adaptar as políticas ás necesidades que temos cada forza política. Hoxe preséntannos vostedes os orzamentos do Partido Popular, as receitas, a análise da realidade, que fai o Partido Popular, como non podía ser doutra forma, no BNG non nos sorprendemos das conclusións ás que chegamos despois de estudar estes orzamentos, era o esperado, poderiamos parafrasear a Marx, e non se asusten que non imos facer ningunha alegación marxista, aínda que ben poderiamos, referímonos a outro Marx, a Groucho, estes son os seus orzamentos, non nos gustan, tráiannos outros. A estas alturas xa vostedes se deron conta de que o BNG non vai apoiar estes orzamentos, poderiamos simplemente alegar que a non participación na elaboración deles dános a facultade para rexeitalos, pero non, imos explicar os motivos que nos levan a situarnos en contra.

Efectivamente, Sr. portavoz do Partido Popular, vivimos momentos económicos especialmente complexos, nos que o sector privado está paralizado, agarrotado e buscando evitar caer en rexistros negativos, cun consumo e un investimento, practicamente nulo. Ata o momento o sector público viña tentando, con máis erros que acertos, intervir activamente na economía para manter un mínimo dinamismo, estes orzamentos, pola contra, son a plasmación exacta da obediencia aos mercados, a políticas neoliberais que imperan nesta Europa, que nós consideramos inxusta, e ás ordes de Angela Merkel e Nicolas Sarkozy. O que o Partido Popular propón con estes orzamentos é a retirada do sector público da economía, angustiado polo déficit que o capital financeiro, culpable da súa xeración, quere castigar. Un rigor orzamentario que

ten máis que ver coa relixión que coa ciencia social, de aí supomos que vostedes se empeñen en definilo como austeridade. Nós entendemos que é momento de eficacia e eficiencia, non de austeridade, non pode ser unha obsesión o rigor orzamentario a calquera custo, porque iso é xustamente o que nos conducirá, ou xa nos está conducindo ao desastre, e o que é máis grave, conduciranos ao desastre sen alcanzar o seu obxectivo. Non compartimos en absoluto que para reducir o déficit teñamos que retirar os estímulos públicos antes de que se recupere o gasto privado, o único que imos conseguir é que retroceda aínda máis a actividade económica e, por tanto, a redución de ingresos públicos con evidente extensión sobre o gasto, que ocasionará, sen dúbida, aínda máis déficit. E que facemos entón, si aínda temos máis déficit?, outra redución no gasto. O gasto dun axente económico é a renda doutro axente económico, se hai unha crise de demanda, a austeridade só axuda a agravala. A propia actuación do sector público que vostedes propoñen tende a propiciar unha espiral de recesións. Por tanto, entendemos que a primeira razón para rexeitar estes orzamentos é porque son, evidentemente, restritivos.

E xa que comezamos parafraseando a Marx, citemos agora a Lorca, "non só de pan vive o home, eu se tivese fame e estivese desvalido na rúa, non pediría un pan, pediría medio pan e un libro", e eu ataco desde aquí aos que só falan de reivindicacións económicas, sen nomear xamais as reivindicacións culturais que é o que os pobos piden a berros. E facemos esta referencia porque o orzamento global destinado a educación, cultura e deportes, redúcese nun 35%, se nos referimos á rede cultural en concreto, a redución é do 36%, o que significa deixar sen importantes actividades culturais á maioría dos concellos da provincia, e deixar de ser un referente, unha administración referente para o mundo da cultura. Chama tamén clamorosamente a atención a forte redución en axudas destinadas a institucións referenciais da cultura galega: Real Academia Galega, Fundación Rosalía de Castro, Fundación Luís Seoane, Fundación Eugenio Granell ou a Biblioteca Casa do Real Consulado; se a isto lle engadimos o recorte en máis dun 60% das partidas dedicadas ás políticas de fomento da lingua galega, poderiamos definir tamén estes orzamentos como fondamente antigalegos, outra razón é, pola tanto, o carácter regresivo destes orzamentos.

Pero hai máis, o Sr. presidente define os orzamentos que estamos a debater como de estratexia variable e adaptativa, faino na memoria da Presidencia, nós queremos felicitalo pola elección da formulación, pero detrás escóndese algo moi preocupante que nós imos definir de maneira bastante menos poética, provisionalidade. Estes orzamentos son provisionais, como explica moi ben o Sr. presidente na súa memoria, e como acaba de explicar tamén perfectamente o Sr. portavoz do Partido Popular, dependen dos Orzamentos Xerais do Estado para o 2012, e o que aínda é máis grave, a memoria da Presidencia nós entendemos que é pesimista. Por tanto, estamos ante uns orzamentos pesimistas, son susceptibles de empeorar, e se empeoran a resposta é fácil, cumprir coa reforma constitucional expíes que no seu día se apuraron a pactar o Partido Popular e o PSOE a petición exclusiva do capital financeiro, primeiro os bancos e a débeda, e logo xa se verá se queda algo para gastar.

O investimento ten que ser e é unha mirada económica ao futuro, as partidas de investimento din moito do enfoque ideolóxico dos orzamentos, pero desde o BNG cremos que o Partido Popular con estes orzamentos renuncia ao futuro, con estes orzamentos, ese futuro escuro que se nos vén anunciando nos últimos anos tórnase definitivamente negro. No capítulo de ingresos os orzamentos que vostedes nos presentan ven rebaixados respecto ao 2011 en 39 millóns de euros, unha rebaixa que é debida á diminución dos ingresos por transferencias nos Orzamentos do Estado. Se analizamos os ingresos por capítulos observamos que no bloque correspondente aos impostos directos e indirectos, taxas e prezos públicos, o 44,29% de diñeiro recadado corresponde aos impostos directos, o 26,66% aos indirectos, e o resto, un 30,03% ás taxas e prezos públicos.

Non é preciso profundar moito nos datos para concluír que hai que avanzar nunha fiscalidade máis progresiva e máis xusta, nós diriamos mesmo que é imprescindible, sobre todo nestes momentos nos que moitísima xente, moitísimas familias, persoas e colectivos sociais, están a atravesar duras dificultades económicas. Nestes orzamentos non existen criterios de progresividade local de cotas para os impostos e taxas. Descenden tamén un 47% as transferencias de capital, que teñen a finalidade de financiar investimentos, caída que non se compensa co alleamento de investimentos reais, que se mantén respecto do 2011.

Destes datos podemos concluír dúas cuestións fundamentais e básicas: primeiro, hai que reformar a Lei de financiamento das entidades locais, é urxente, como dixemos xa noutro Pleno, que esa lei se reformule, e unha segunda cuestión, se non hai transferencias de capital ás deputacións, as deputacións teñen aínda menos razón de ser e faise máis evidente que nunca a necesidade da súa supresión. No capítulo de gastos o orzamento é duramente restritivo, o máis restritivo destes anos de crise económica, porque non podemos esquecer que desde o ano 2009 esta Administración pública aprobou orzamentos axustados á realidade da crise. Celebramos que o goberno do Partido Popular lle dea continuidade á política de servizos sociais que desde o BNG impulsamos nesta área nos pasados oito anos. De calquera xeito hai que dicir que a Deputación, unha vez máis, ten que socorrer no seu orzamento, e co seu orzamento, aos concellos e ás entidades que a Xunta de Galicia está a deixar á intemperie xustamente por esta política de austeridade, que non de eficiencia. Por dar un dato, no orzamento inicial do 2011 figuraban 1.193.000 euros para convenios con entidades prestadoras de servizos sociais destinados a infraestruturas, neste exercicio aparecen simplemente 315.000 euros. E engadir outro dato preocupante, en axudas a entidades comprometidas con accións en políticas de igualdade o orzamento diminúe nun 50%.

No que se refire a gastos de persoal e gasto corrente, que son dous capítulos que gardan certa relación entre si, o primeiro recolle o gasto do cadro de persoal orgánico e o segundo, entre outros, o pago a empresas que prestan os seus servizos. O normal é que cando os servizos se prestan desde o ámbito público, o gasto de persoal sobe, e cando se privatizan servizos o gasto de persoal baixa e sobe o gasto corrente. Para o ano que vén baixan os dous capítulos, o que se pode deber á renegociación das condicións dos contratos, que se manteñan coas empresas concesionarias de servizos, a

redución de horas de servizo, ou a redución do seu custo. En calquera caso, a redución implicará loxicamente un axuste nas necesidades de persoal por parte das empresas adxudicatarias, por tanto, entendemos que é un orzamento que crea desemprego.

Os investimentos reais e as transferencias de capital son os capítulos que máis baixan, un 53% e un 41% respectivamente, o que nos permite asegurar que o orzamento que nos presenta producirá máis paro e condenará aos concellos a situacións de maior pobreza. Prodúcese unha alarmante diminución de investimentos reais nos concellos da provincia que nestes momentos xa están a padecer os axustes e a falta de pagamentos da Xunta de Galicia.

Recórtase un 39,36% os plans provinciais, que en 2011 representaban entre o POS e o PCC 29 millóns de euros, en 2012 serán 17 millóns de euros. Recórtase un 33% o Plan de estradas e sendas, que pasa de 17 millóns de euros a 11 millóns de euros escasos, claramente insuficiente para o mantemento dos máis de dous mil quilómetros de rede viaria provincial, e o que é máis grave, mentres se recorta o mantemento de servizos propios, transfírese unha partida de 750.000 euros para unha obra, competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Recórtase un 67% aproximadamente a promoción turística, recórtase máis dun 60% o apoio aos equipos de normalización lingüística que, ademais de significar un grave retroceso na obriga de velar polo cumprimento da Lei de normalización lingüística, significa a destrución de máis de 30 postos de traballo estables que se crearon ao amparo dos convenios cos concellos. Recórtase un 36% as subvencións aos concellos, sobre todo aos pequenos e medianos, porque as grandes cidades contarán efectivamente con convenios específicos, e recórtase en materia de cultura, promoción económica e deportes. Recórtase un 36% a rede cultural, como xa citamos con anterioridade e recórtase un 54% as partidas destinadas ao tecido asociativo da provincia, o que significa un auténtico desmantelamento e en boa parte unha boa destrución do tecido asociativo veciñal, cultural e deportivo da provincia da Coruña. Se a estes datos lles engadimos a desaparición de varios convenios de colaboración, entre os que queremos destacar o do Concello de Arzúa para a celebración da Feira Ecolóxica e o Festival das Artes pola Diversidade, que vén celebrando coa axuda desta Deputación provincial durante os últimos sete anos, e o convenio co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, ao que temos que engadir a rebaixa nas contías doutros moitos convenios e programas, o panorama é realmente desalentador.

A única medida asociada á creación de emprego que figura nestes Orzamentos é, efectivamente, o Plan de emprego e desenvolvemento local dotado cun millón e medio de euros. O BNG quere formular as seguintes preguntas, cun millón e medio de euros cantos empregos de calidade se van crear na provincia da Coruña e por canto tempo?, cantos postos de traballo, pola contra, consolidados, se destrúen coa política de austeridade que reflicten estes orzamentos dotados con 39 millóns de euros menos que no exercicio anterior?

Atrevémonos a afirmar, Sr. presidente, que estes orzamentos se traducen en desemprego e en precariedade, son orzamentos que, lonxe de paliar a crise, contribuirán a agudizala. Os recortes nas partidas destinadas a obras terán un efecto altamente negativo na economía dos concellos e implicará a destrución de emprego. A redución das contías dos convenios cos concellos en materias como normalización lingüística, e as políticas culturais e deportivas, ocasionarán, sen dúbida, a redución de persoal contratado nestas áreas, e o mantemento da medida do 60% do gasto corrente no POS retraerá aínda máis os investimentos municipais.

Para que serve a Deputación provincial nestes momentos de crise en que os concellos están afogados polo desemprego e a falta de capacidade económica, se este ente só pode retraer aínda máis o investimento?, onde está a eficiencia da Deputación provincial se case consome máis recursos dos que reparte? Con estes orzamentos, Sr. presidente, o seu goberno non pode ofrecer máis que máis sufrimento, causado pola crise, máis paro e máis recesión, e o que é máis preocupante é que vostede na memoria tenta convencernos de que non existe outra alternativa, que estamos condenados pola situación económica e polos ditados da Unión Europea a esta situación, pois non, hai outras alternativas, déixenos polo menos a outros que reivindiquemos outros modelos.

E vostedes basean o seu discurso en que a causa fundamental da crise é o exceso de gasto público. No 2008 falaban vostedes en refundar o capitalismo, agora fálase do déficit público, ou o gasto público, como causante da crise, que mala memoria temos todos e como cambiaron os tempos. No 2008 crebou algún goberno ou crebaron as entidades financeiras?, non crebou ningún goberno, ningún goberno, nin ningún Estado crebou, o que hai é que controlar realmente a especulación financeira e non o déficit público, son as políticas neoliberais as que ocasionaron a crise e son as políticas neoliberais coas que hai que romper, e vostedes son as políticas que reflicten neste orzamento. O único que se pode esperar destes orzamentos é máis crise e máis paro, de aí as razóns para votar en contra.

Sr. presidente, remato cunha cita de Castelao, "O verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidade e as ideas en feitos. A loita nobre e leal das ideas é o que asegura o progreso". Moitas grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. Ao falar de deputados sempre me acordo do deputado Sr. Lagares que durante moitos anos defendeu os orzamentos da Deputación en nome do goberno e cunha frase que lle caracterizaba ao afirmar que se reducía o gasto corrente, aumentábase o investimento destinado aos concellos e apelábase moderadamente ao crédito. Finalizaba a súa intervención sempre o Sr. Lagares dicindo que o obxectivo era facer máis con menos. As circunstancias económicas que vive o noso país non nos permiten afirmar que con este orzamento que hoxe se somete a consideración do Pleno para o seu debate e aprobación, se faga máis con menos, desgraciadamente faise menos con menos, moito menos con menos. Sempre o orzamento é a plasmación en cifras dun proxecto político, que é o que

queremos facer e de que medios dispomos para facelo. Son sempre uns orzamentos preventivos, porque partimos dunhas previsións de ingresos que poderán materializarse ou non ao longo do exercicio, e dunha vontade de gasto que responde a un programa político no que se establecen obxectivos e prioridades e que están condicionados á xestión dos ingresos. Son sempre, pois, se me permiten a expresión, un acto de fe, e moitas veces pouco ten que ver o orzamento preventivo, o orzamento inicial, que é unha expresión dun desexo, co orzamento liquidado ou orzamento definitivo no que se plasman de verdade os gastos e os ingresos e os gastos materializados ao longo do exercicio orzamentario.

No caso das deputacións provinciais esta situación acentúase posto que a maior parte do capítulo de ingresos provén das transferencias correntes do Estado, da participación nos tributos do Estado. Falta, bótase de menos neste orzamento, como se botaron noutros orzamentos doutros exercicios, no capítulo de ingresos a participación nos tributos da Comunidade Autónoma, séguese incumprindo por parte da Xunta de Galicia, como reiteradamente se puxo de manifesto, o mandato constitucional contido no artigo 142 da Constitución, que establece que as entidades locais participarán nos tributos do Estado e das Comunidades Autónomas. A Deputación, como establece tamén a Constitución, é unha entidade local e, en consecuencia, debería de ter unha partida de ingresos provenientes da participación nos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia, como xa ocorre noutras deputacións doutras comunidades autónomas.

Se en circunstancias normais o orzamento é un acto de fe, nestas circunstancias que vivimos o orzamento é unha adiviña, unha adiviña non imputable a este goberno, pero unha adiviña porque temos que adiviñar cal vai ser o importe das transferencias do Estado e a partir de aí colgar o gasto que estará condicionado ao maior ou menor acerto na previsión deste ingreso, porque se hai algo que define o orzamento é a incerteza nos ingresos. A convocatoria das eleccións xerais impediu a presentación e a aprobación dos Orzamentos Xerais do Estado, polo que se descoñece a contía que esta Deputación vai recibir pola participación nos tributos do Estado. Isto implica que as previsións de ingreso e gasto sexan simples estimacións que se agravan ao descoñecer a liquidación do exercicio 2010 que terá que incorporarse como suma ou resta na estimación de ingresos que figura neste orzamento. Isto levou a confeccionar uns orzamentos cunha estimación realista e prudente desde o punto de vista do meu grupo, dos ingresos, e a formular unha estratexia orzamentaria como indica a memoria da Presidencia, variable e adaptativa.

A pesar da incerteza que esta situación implica, quero recoñecerlle ao grupo de goberno provincial que fixese, que se arriscase a presentar este proxecto de orzamentos, cando podía optar, como farán moitas entidades locais, por prorrogar os actuais presupostos ata que a situación se aclara. Sen dúbida optou pola decisión máis arriscada, pero tamén pola mellor decisión, desde o punto de vista do noso grupo, pois un orzamento da Deputación que entre en vigor o 1 de xaneiro do ano 2012, é sempre unha garantía de tranquilidade para os concellos da provincia.

Desde o punto de vista dos ingresos, pouco máis podemos dicir. O concepto de variable e adaptativo implica que se hai maiores ingresos incorporaranse ao orzamento ao longo do ano 2012 e se hai menores ingresos deduciranse do orzamento ao longo do exercicio. Queremos solicitar, desde este momento, que no suposto que se produzan maiores ingresos dos previstos, se destinen na súa totalidade aos concellos e, se pola contra, os ingresos minguan, que se recorten en partidas que non afecten aos concellos, dado que os recortes que xa se producen neste orzamento preventivo para os concellos son moi severos e dado que non coñecemos o remanente de tesourería de libre disposición que imos ter, e que en caso que o haxa, espero que si, destinarase tal como di a memoria da Presidencia, destinarase prioritariamente a substituír a operación de crédito prevista no orzamento co fin de cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria, de reducir a carga financeira futura e de aumentar a marxe futura dispoñible para novos proxectos e futuros exercicios, que falta nos fará.

Existe unha novidade no capítulo de ingresos este ano que recolle unha achega da Consellería de Traballo por importe de 1.500.000 euros para transferir aos concellos para desenvolver accións de fomento de emprego local. Valoramos positivamente esta achega e haberá que estar atento ás bases para ver como se vai distribuír esta cantidade entre os concellos da provincia, aínda que non alcanzamos a comprender a razón desta achega. Se simplemente se vai transferir aos concellos cunha finalidade específica un diñeiro que nos dá a Xunta, convértese a Deputación nun mero intermediario que canaliza ese diñeiro da Xunta, que se ten as competencias exclusivas nas políticas activas de emprego cara aos concellos, pero non achega nada este millón e medio de euros ao orzamento de ingresos desta Deputación. Prefeririamos que as achegas da Xunta fosen en cumprimento da Constitución, pola participación nos tributos da Comunidade Autónoma, e que non fosen finalistas, senón que a Deputación puidese destinar a incrementar os seus programas de cooperación cos concellos.

Con respecto ao capítulo de gastos recoñecemos que un recorte nos ingresos implica necesariamente un recorte nos gastos, sobre todo cando en situacións como estas, máis que nunca, as administracións teñen que acomodar os seus gastos ao que realmente teñen. Podemos ter unha panorámica xeral sobre a situación se analizamos tres capítulos do orzamento e os comparamos cos capítulos correspondentes do exercicio anterior. Capítulo IV de transferencias correntes, no ano 2011 alcanzaba a cifra de 39.884.182,65 euros, no ano 2012 alcanza a cifra de 31.661.026,02, hai unha diminución de 8.223.156,60 euros e destes, 4.350.000 corresponden aos concellos e 2.869.000 a familias e entidades sen ánimos de lucro. Observamos tamén neste capítulo unha caída de 705.541 euros no financiamento dos Consorcios, e que nos sorprende, pois coñecemos as declaracións do presidente da Deputación dicindo que hai que estimular a creación de consorcios mancomunando servizos. Por certo, sorpréndenos tamén a supresión das axudas neste orzamento ao Consorcio das Mariñas, un consorcio que está a funcionar ben e que podería ser un exemplo de como facer as cousas para conseguir unha maior eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos por parte das entidades locais. Mal podemos estimular este tipo de entidades se deixamos de apoialas desde a Deputación, espero que ao longo do ano 2012 poidamos corrixir isto. Con respecto ao capítulo VI, de investimentos, vemos que no orzamento do ano 2011

ascendía a 24.611.000 euros, e neste orzamento a cantidade é de 11.756.000, é dicir, redúcese en 12.854.000 euros, o que supón unha redución do 52,23% con respecto ao ano 2011, e recordo que os ingresos só se reducen nun 21,74%.

Con respecto ao capítulo de transferencias, o capítulo VII, transferencias de capital, redúcese en 10.732.000 euros, o que significa un 40,95% menos que no exercicio do ano 2011. Ano 2011, 26.208 euros previstos, ano 2012 15.475.

Con estas breves pinceladas, temos xa unha idea clara de cal é a situación, e todos somos conscientes de que temos que recortar o gasto, a cuestión é onde recortar e en que proporción, imos ver que se nos propón neste orzamento.

Antes de nada, responderlle ao portavoz do Grupo Popular onde di que se fai un recorte dun millón de euros en gastos de persoal, que é certo, e atribúe ao recorte nos gastos dos políticos e os eventuais, non é certo, a diminución nas retribucións dos políticos e os eventuais con respecto ao orzamento do ano 2011 é de 60.000 euros, había previsións orzamentarias de gasto que non se converteron en gasto efectivo, o que se reduce, efectivamente é un millón de euros porque se reducen os seguros de persoal laboral e persoal desta Deputación, fanse axustes nas cotas de seguridade social e redúcese o plus que cobraban os recadadores. No momento en que está en cuestión a propia existencia das deputacións, onde se expón se son necesarias ou non son necesarias as deputacións, creo que deberiamos volcar todos o noso traballo en facelas máis útiles aos concellos, temos dalgunha maneira que lexitimar ás deputacións permanentemente e conseguímolo cando os concellos nos perciben como unha institución próxima e útil para eles. A competencia nuclear da Deputación, o que xustifica a propia existencia da Deputación é a cooperación e a asistencia aos concellos, e é precisamente esta partida a que nunca deberiamos de reducir, sempre teriamos que mantela se non é posible incrementala.

Desgraciadamente neste orzamento que se presenta para a nosa consideración a xestión de plans provinciais diminúe en 14.495.000 euros, aínda que para ser estritos e realistas debemos de deducir desta cifra a cantidade de 3 millóns de euros consignados no orzamento anterior para o Plan Mandeo, que loxicamente este ano xa non se poden percibir e, en consecuencia, non se poden consignar, pero aínda así diminúe esta partida en 11.495.000 euros. Despois deste axuste, que é lóxico, e que hai que pór de manifesto, redúcese a xestión de plans un 39,32% con respecto ao ano pasado, a este ano, ao exercicio 2011, é dicir, aqueles que deberiamos de preservar por riba de todo, porque é a competencia nuclear da Deputación, o que xustifica a existencia das deputacións e nun momento en que se está lexitimando a propia existencia destas institucións, diminúe moito máis, diminúe un 39% con respecto ao ano pasado, é dicir, redúcese moito máis que o que caen os ingresos que son un 21,74%. Redúcese tamén a consignación prevista para a asistencia aos concellos en 603.000 euros. Hai uns días o presidente desta Corporación anunciaba na presentación do barómetro económico da provincia, do terceiro trimestre deste ano, que unha das posibles medidas que hai que ter en conta polas administracións para reactivar a economía e o emprego é reactivar sectores estratéxicos como o sector agrario, non se corresponden estas afirmacións co

plasmado neste orzamento no que baixan as partidas destinadas a este fin tanto no capítulo IV, 507.000 euros, como no capítulo VII, 90.000 euros. O mesmo poderiamos dicir coas medidas de apoio ao sector pesqueiro da provincia, onde as partidas de actividades se reducen en 150.000 euros, e 375.000 a partida de investimentos. O mesmo pasa en acción comunitaria, pequenas obras que lles permiten aos concellos e aos propios veciños atender pequenas necesidades de mellora de infraestruturas, que lles fan a vida un pouco máis confortable no afán de fixar a poboación no medio rural. Neste orzamento rebáixase 1.000.000 de euros entre o capítulo VI e capítulo VII aos concellos, e 1.190.000 euros a familias e entidades sen ánimo de lucro.

Nun momento en que o mantemento e a creación de emprego deben ser a maior das prioridades, vemos con preocupación como se recortan partidas orzamentarias que inciden directamente no emprego e na actividade empresarial. O Plan de estradas provinciais redúcese en 3.800.000 euros, o Plan de conservación en 500.000, o Plan de travesías en 1.500.000 euros e as expropiacións en 1.800.000 euros, 9.100.000 euros que se reducen e que posiblemente afectará a moitas empresas da provincia que sobreviven grazas ás obras da Deputación. A Deputación ten máis de 200 estradas, con máis de 2000 quilómetros, debo recoñecer que en xeral se atopan en boa situación de firme e sinalización, tanto horizontal como vertical, hai, como en toda Galicia, problemas de seguridade viaria e por iso aborda a construción de travesías en tramos urbanos e sendas peonís noutros lugares non urbanos. Quedan moitas cousas por mellorar, porque por moito que se faga, sempre é pouco, e non entendemos desde o meu Grupo, e falámolo xa noutro Pleno hai uns meses, por que se reduce substancialmente o orzamento para estradas provinciais e órzanse 750.000 euros para a construción dunha rotonda nunha estrada que é de titularidade autonómica. A Xunta non nos dá nada para o mantemento e os investimentos en estradas provinciais, e recoñecemos que esta rotonda é unha necesidade que ten que acometer a Xunta, e non entendemos como destinamos 750.000 euros, despois de baixar 9 millóns en investimentos en estradas propias, para arranxar estradas que non son nosas. Por certo, nós achegamos 750.000 euros neste orzamento do ano 2012 e a Xunta de Galicia, para a mesma rotonda, achega 250.000.

O pasado mércores, día 14, liamos na prensa que a Deputación aumenta o gasto social e lembrouno agora o portavoz do Partido Popular, a pesar de ter menos orzamento, este era o titular. No contido da noticia engadíase que a Deputación destinou no pasado, e lembrouno o portavoz do Partido Popular hoxe, destinaba o ano pasado a Deputación un 13,3% do seu Orzamento ao gasto social, e que no exercicio próximo, neste Orzamento que estamos a debater agora, dedicarase un 20,6. Este é un dato enganoso, é un dato enganoso porque, aínda mantendo a mesma cantidade, se baixan os ingresos totais, a porcentaxe aumenta, pero o diñeiro é o mesmo. A primeira precisión que hai que facer a isto é que o que se incrementa con respecto ao ano 2011 son 225.900 euros, comparando o orzamento preventivo de 2011 con este orzamento que estamos agora debatendo. Por tanto, comparemos liquidacións orzamentarias para ver o que se incrementa ou non. En calquera caso debo dicir que as dotacións deste ano 2011 consignadas en servizos sociais son case o dobre das previsións por vostedes para o orzamento do ano próximo, porque nos primeiros meses deste ano incrementouse a

partida de 8 millóns a 16 millóns con subvencións nominativas para construcións de centros e coa aprobación do Plan de barreiras arquitectónicas, é dicir, este ano con 9 millóns de orzamento, con 225.000 euros de máis, vai ser difícil, non superar, senón igualar, o gasto social deste ano. Pero se comparamos orzamentos preventivos debo dicir que, aínda que aparentemente se incrementan en 225.000 euros, en realidade as prestacións por parte da Deputación aos concellos e entidades diminúen, e van diminuír, porque con cargo a estas partidas compensarase aos concellos para manter ao persoal contratado con cargo ao plan concertado da Xunta, despois da redución do 80% que neste capítulo fixo a Xunta de Galicia, obviamente, cun incremento de 225.000 euros non se vai poder chegar a cubrir a rebaixa da Xunta do 80% no plan concertado. Témome por tanto que aquí tamén haberá unha redución importante e non entendemos por que temos desde a Deputación que facer fronte a algo que tería que facer a Xunta. O Plan concertado non debe de suplilo a Deputación, o Plan concertado ten que financialo a Xunta de Galicia e a Deputación non ten por que destinar ningún recurso, nin minorar as súas actuacións en servizos sociais por achegar algo que tería que achegar a Xunta de Galicia.

Temos tamén unha dúbida razoable en normalización lingüística. Na Comisión Informativa a unha pregunta do Grupo Socialista informóusenos que estaba prevista manter a subvención aos concellos para contratar aos técnicos de normalización lingüística. Se vostedes o din, nós crémolo e non teremos ningunha dúbida de que así será, pero non vemos como, pois destinan a isto só 190.000 euros, cando o ano anterior había 500.000.

En canto a Cultura e Deportes, simplemente pór de manifesto que, como non podía ser doutro xeito, tamén se aplican os recortes pertinentes. As partidas destinadas á promoción da cultura nos concellos redúcense en 1.100.000 euros, 600.000 no capítulo de transferencias correntes e 500.00 no capítulo de transferencias de capital. Ás partidas, subvencións destinadas para cultura, familias e institucións sen ánimo de lucro, ao movemento asociativo cultural da provincia redúcense en 1.275.000 euros, 875.000 euros en gasto corrente e 400.000 euros en investimento. O mesmo ocorre cos orzamentos destinados ao fomento do deporte, 650.000 euros diminúe as partidas destinadas aos concellos, e 815.000 ás asociacións deportivas da provincia.

Este é o orzamento que hoxe se nos somete á nosa aprobación. Non hai diferenzas apreciables con respecto ao orzamento vixente excepto nos recortes que entendemos que hai que facer, debido a que as partidas de ingresos caen en 38 millóns de euros. Poderiamos discutir se estas son as prioridades, se deberiamos manter algunha partida ou baixala, mentres que outras habería que reducilas ou, nalgún caso, suprimilas. Este exercicio poderiamos facelo se nos chamasen antes da elaboración e presentación dos orzamentos para coñecer a nosa opinión, opinión que dariamos con gusto. A única diferenza substancial, ademais dos recortes, co orzamento do ano 2011 é a partida de 1.500.000 euros que transfire a Consellería de Traballo, pero que non achegan nada a esta Deputación, pois simplemente figurará como intermediaria, e a outra novidade son os 750.000 euros que imos investir nunha estrada de titularidade autonómica.

Non son estes, exactamente, os orzamentos que nós fariamos aínda que, certamente, son os mesmos que os actuais cos recortes comentados, recortes obrigados pola diminución dos ingresos, as nosas prioridades nestas épocas de crises serían diferentes e fariamos axustes noutras partidas. Desde o Goberno nós sempre buscamos o consenso, consenso que é máis necesario nunha época de dificultades e incertezas como as que agora estamos a vivir. Dado que esta Deputación se vai manter previsiblemente ao longo deste mandato, na procura dese consenso anunciámoslle o noso voto de abstención aos orzamentos e, sabendo que non necesitan de nós, pois teñen a maioría absoluta, ofrecémoslles desde a oposición a mesma vontade de colaboración e de esforzo común para afrontar esta situación que lles ofreciamos cando vostedes eran oposición e nós tiñamos a maioría. Moitas grazas, e absterémonos na votación deste Orzamento.

Sr. Freire Abeijón

Moitas grazas. Vou tentar responder primeiro ás intervencións por parte do Grupo Nacionalista, do BNG, pero quero matizar que a maior austeridade á que obrigan os menores ingresos compatibilízase con novos obxectivos prioritarios e constitúe unha prioridade ditada polo contexto nacional e internacional cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria, ademais esta é a pauta que deben de seguir as distintas administracións, entendo que non só esta Administración provincial senón todas as demais. Non podemos, nin queremos gastar máis do que nos permiten os nosos recursos dispoñibles e non podemos, nin queremos contribuír a un déficit nin a un endebedamento que ten efectos tan negativos na economía presente, como é a limitación ao crédito financeiro das empresas e particulares nas xeracións futuras, porque moitas destas decisións terían influencia nas próximas anualidades. Podemos e queremos ser rigorosos, austeros, eficaces e eficientes cos recursos dispoñibles, a nós loxicamente gustaríanos tamén ter outro escenario.

Pero relativo ás preguntas e comentarios formulados por parte do BNG dicir, en primeiro lugar, Sr. Regueira, mantivéronse moitas reunións para elaborar estes orzamentos, e que me corrixa o presidente pero eu non tiña constancia de que tamén lle pediu opinión á Sra. Angela Merkel e ao Sr. Sarkozy, non sabía que tamén tiñan incidencia á hora da elaboración. O que si é certo é que previsiblemente o grupo de goberno puido manter algunha reunión máis cos representantes dos dous grupos da oposición, pero o que está claro é que aquí nunca nos negamos a que se fixese algunha suxestión, celebrouse unha Comisión Informativa na que, que eu teña constancia, non se fixo ningunha proposta en concreto, pero aínda así queremos abrir a posibilidade de que, a partir de agora, unha vez que este orzamento entre en vigor, e coas incorporacións de remanentes de tesourería, os dous grupos que constitúen a oposición poidan facer propostas e tentaremos ter en conta algunha destas suxestións se é posible. Dicir que, efectivamente, son moitas as áreas nas que se producen recortes pero entendemos, como explicaba ao principio que tanto en educación, cultura e deportes garántese a continuidade dos servizos sen verse danados amplamente, non entendo que se consideren uns orzamentos fondamente antigalegos porque entendemos que, a pesar

de que se minora a contía dedicada a normalización lingüística mantense o programa, e seguramente dependendo do número de concellos que desexen ser beneficiarios dese programa, posiblemente poidan manterse case en igualdade de condicións a achega que viña facendo por parte da Deputación a aqueles concellos que opten por continuar con este programa, nós entendemos que non estamos a facer unha renuncia ao futuro, senón que estamos a ser realistas e deixando que o futuro permita unha mellora de tal forma que, se tivésemos que tomar decisións dun maior endebedamento, o que estariamos é condicionando moito máis o futuro. Sabemos que este axuste que se vai realizar na anualidade 2012 vai posibilitar que a afección nas anualidades próximas sexa menor, e quizais se algún destes axustes se fixo ata agora, posiblemente non teriamos que vernos sometidos a un recorte tan drástico neste exercicio, e eu creo que para iso ten que existir rigor e para poder aprobar este Orzamento nunhas condicións de mediana garantía é necesario facer eses axustes.

A Lei de financiamento local entendemos que si, que sería necesario revisala e que si sería necesario dar cumprimento a algunha, digamos, desas pautas que marca esta Lei de financiamento local pero, como comprenderá, non é competencia estrita da Deputación influír e facer que esa Lei de financiamento local se faga efectiva. E nós seguimos pensando que a Deputación ten unha finalidade moi importante, se alguén dubida de se eses obxectivos que realiza a Deputación son válidos ou non son válidos, o Grupo de Goberno desta Deputación entende que si que é necesaria, que si que é útil e que en tanto non exista unha composición ou unha distribución distinta dos concellos e reestruturación doutras administracións, que a Deputación ten que seguir facendo o seu traballo.

Relativo á rotonda de Sabón, entendemos que si, efectivamente, mantense a liña de colaboración e de coordinación de determinados investimentos coa Xunta de Galicia, si que hai achegas por parte da Xunta, e aquí hai unha colaboración por parte da Deputación porque entendemos, como dicía ao principio, que se dan unhas circunstancias estratéxicas e singulares. Nesa rotonda conflúen, non só estradas de titularidade estatal ou autonómica, senón que tamén conflúen estradas de titularidade provincial, ademais a esa rotonda acceden tamén un volume de vehículos que se desprazan cara ao Polígono de Sabón que, por certo, é de titularidade da Deputación. Hai tamén unha serie de actuacións a levar a cabo nesa rotonda que pola porcentaxe de afección sobre as vías de titularidade provincial, sería discutible se a Deputación ten ou non que achegar eses fondos. Nós entendemos que o obxectivo primordial para os veciños é conseguir que esa rotonda se poña en funcionamento, que sexa nun tempo razoable e a achega que fai a Xunta de Galicia, loxicamente na anualidade 2012 é reducida pero porque está incluída dentro dun programa plurianual, e as achegas que vai ter que facer nas anualidades próximas son moito maiores, estamos a falar dun investimento que rolda os 10 millóns de euros, dos cales a Deputación asumiría aproximadamente 750.000, o que suporía ao redor dun 7% do total do investimento. Entendemos que, dado que se dan esas circunstancias de confluencia, tanto de infraestruturas provinciais como dun polígono de titularidade da Deputación, onde ademais no orzamento contémplase a posibilidade de poxa ou de venda desas parcelas, non é desatinado a posibilidade de cofinanciar e posibilitar que a contratación leve a

cabo ao longo da anualidade 2012, porque un dos obxectivos é conseguir que existan os fondos suficientes entre a achega da Xunta e da Deputación para que na anualidade 2012 se empece a materializar ese investimento, e creo que non é necesario precisar cales son as empresas e os moitos empregados desas empresas que se serven diariamente desa rotonda, supoño que todos vós sodes coñecedores dela, supoño que moitos de nós e de todos os aquí presentes sufrimos nalgún momento as consecuencias dos embotellamentos nesa rotonda, e por iso entendemos que se trata dunha decisión estratéxica onde é precisa esa colaboración tamén do organismo provincial.

Desprezar 1,5 millóns de euros como recursos orientados ao emprego neste momento, entendo que non é o máis acertado, entendemos que a nós gustaríanos que fose maior a cantidade, pero é un primeiro paso, está claro que isto non vai xerar un volume de empregos de calidade, nin vai xerar a estabilidade laboral dun gran volume de familias, pero si que vai ser un gran de area máis para contribuír que esa situación laboral de moita xente, aínda que sexa mediante un curto período de tempo, e mediante espazos temporais curtos, vai posibilitar diminuír esa listaxe de desempregados e vai facer ademais que os concellos poidan prestar determinados servizos aos seus veciños que, doutra forma, custaríalles e seríalles complicado poder dedicalos.

Volvemos insistir no feito de que, ao aumentar a porcentaxe do Plan de obras e servizos no gasto corrente, é unha decisión que corresponde á autonomía municipal de tal forma que, aqueles concellos que se sintan na facultade e na capacidade de dedicar o 100% a investimento, ninguén lle priva de facelo, pero como sabemos que hai moitos deles que, a pesar de manter unha porcentaxe para investimento, necesitan urxentemente dispor de recursos para gasto corrente, esta Deputación o que fai é darlle un maior abanico de posibilidades, logo aqueles que consideren que deben orientalo o 100% ao investimento están no seu libre dereito de facelo.

E entendo que controlar a especulación financeira desde a Deputación, vai resultar un pouco complicado, Sr. Regueira, a min gustaríame estar en disposición de que todos os integrantes desta Corporación tivésemos realmente poder de decisión para actuar sobre a especulación financeira e para marcar as liñas a seguir e se cadra nalgunhas cuestións ata poderiamos dar algunha opinión acertada, pero entendemos que lamentablemente non imos ter esa posibilidade.

Relativo ás intervencións do portavoz do Partido Socialista dicir que, primeiro, efectivamente, Sr. Moreda, non é un orzamento definitivo, vostede explicábao moi ben, estamos a traballar cunha previsión, esperemos que sexa algo máis optimista ao longo do exercicio e, como antes dicía, ofrecemos a posibilidade de que tamén se fagan achegas e suxestións para ir confeccionando ese orzamento definitivo. E no que é a participación dos tributos da Comunidade Autónoma, efectivamente, poida que sexa conveniente e necesario, e se nalgún momento se materializa esa achega ás administracións locais, que hai quen discute se as deputacións terían dereito ou non ou serían beneficiarios deses recursos, pero nós, loxicamente non imos discutir nin a cuestionar que non fose desexable, o que pasa é que supoño que a Administración autonómica tampouco está nunha situación para tirar foguetes e posiblemente non

vexamos materializada esa participación sen ser en fondos finalistas, durante algún tempo.

A incerteza dos ingresos está claro que non é responsabilidade desta institución, sobre todo o relativo á participación de tributos do Estado, e creo que non fai falta aclarar máis veces aquí de quen é a responsabilidade e de quen durante os últimos anos fixo unha previsión desproporcionada e trouxo como consecuencia estes feitos que agora estamos a comentar.

Agradecer tamén o recoñecemento pola decisión de someter estes orzamentos a este Pleno antes de que finalice o ano, a pesar de non contar con todos os datos que sería desexables para poder elaboralos e na súa totalidade os concellos está establecido como criterio que os orzamentos vaian prioritariamente, e así está recollido nas bases a cubrir necesidades dos concellos, os remanentes que se incorporen van ir orientados con ese obxectivo e coincidimos con vostede neses criterios que debe de ser a prioridade absoluta por parte desta administración.

Diminuír a carga financeira, entendemos que se está levando a cabo tamén, que se podería optar a unha operación de crédito maior que a exposta inicialmente, pero se queremos cumprir ese obxectivo entendemos que non debemos de recorrer a un maior nivel de endebedamento e ese tamén é un dos criterios que se marcou con este orzamento. E a achega para o Plan de emprego, a pesar de que é unha partida finalista, estamos a falar dunha actuación que no momento delicado que temos neste sentido, sería loable que todos os grupos coincidisen na bonanza de conseguir un millón e medio de euros adicionais para esa finalidade. O que son as porcentaxes de gastos sociais, vostede dicía que era enganoso, non é que só se incremente en termos porcentuais, senón que se incrementa en termos absolutos, porque pasa de 8,9 millóns de euros a 9,1, co cal non é que sexa un incremento esaxerado, pero que si supón un esforzo e supón un aumento. Está claro que en moitas outras partidas hai recorte, nós así o recoñeciamos, pero calquera que teña a responsabilidade de elaborar uns orzamentos neste escenario, ía ter a mesma situación, ía ter que verse obrigado a facer determinados axustes e eu creo que, non sei se por parte dos grupos da oposición están en disposición de dicirnos, sacade dunha cousa para dedicala a outra, se estamos nesa disposición loxicamente recolleremos tamén esas suxestións no futuro.

E trasladar propostas de cara á incorporación de remanentes, eu creo que é o mecanismo máis operativo a día de hoxe porque, se este Orzamento entra en vigor en xaneiro, temos un prazo ata marzo ou abril para ir definindo e para ir facendo esas suxestións que entendemos que poden ser de interese para todos.

Unha última cuestión relacionada co sector agrario e pesqueiro. Dicir que, efectivamente, prodúcense axustes tamén, pero o obxectivo é optimizar o destino dalgún deses financiamentos que vai orientada a estes sectores, a pesar de que todos coincidimos que hai que fomentar tanto o sector agrario como o pesqueiro, son consecuencia do axuste xeral que tamén se aplican nas outras partidas. Os consorcios e as mancomunidades van ser reforzados a través das subvencións nominativas, e vaise

ter especial sensibilidade en que esas subvencións nominativas premien, ou favorezan, ou apoien, a colaboración entre concellos a través das distintas mancomunidades. E a diminución asumida nos custos de representantes políticos desta Deputación foi asumida por parte do grupo de Goberno integramente e o que si é certo é que se se fai o estudo ao longo do catro anos, nós entendemos que se se produce unha minoración de 1 millón de euros ao longo dos catro anos, non digo nesta anualidade, digo nos catro que dura a lexislatura. Posiblemente teñamos algún dato equivocado, pero desde logo cremos que non é unha contía tan reducida como facía vostede mención anteriormente.

E relativo ao Plan de conservación de estradas, o presidente poderá profundar seguramente moito máis nalgunha desas aclaracións, pero o que está claro é que se traballa tamén en tentar chegar a un protocolo de cesión de determinadas infraestruturas á Consellería de Medio Ambiente, co cal cabería a posibilidade de que a Deputación vise diminuída a súa carga en infraestruturas e como tal, que co orzamento aprobado puidese facer fronte perfectamente ás actuacións de mantemento e conservación. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Antes de pasar á votación gustaríame dicir algunha cousa en relación cos orzamentos. A verdade é que cando unha administración, un grupo de Goberno se enfronta á decisión de elaborar os orzamentos ten que partir de varios preceptos. A primeira é se quere elaborar os orzamentos, ou se quere prorrogar os orzamentos do ano anterior. Eu coincido co portavoz do Grupo Socialista en que a mellor decisión é enfrontarse con valentía e elaborar uns orzamentos, é certo que hai outras administracións, outros concellos, que deciden prorrogar os orzamentos que teñen e iso, desde logo, é un exercicio, desde o meu punto de vista particular, de irresponsabilidade, pero alá cada un, porque despois de 4 anos, cada un tense que volver examinar.

De todos os xeitos, os ingresos nesta Deputación provincial para o ano que vén van sufrir unha redución moi importante, unha redución do 22% e iso equivale a que 40 millóns de euros con respecto ao orzamento inicial do ano pasado, imos ter de menos eses 40 millóns de euros. As partidas do orzamento todas as señorías que aquí están saben perfectamente cales son, e hai partidas que son intocables e que non se poden variar, nin rebaixar, estou a falar do soldo e salario dos funcionarios, estou a falar de partidas e gastos comprometidos que hai que respectar. Por tanto, a marxe de actuación dos cento setenta e pico millóns de euros que tiña o orzamento no ano 2011, aos cento trinta e sete que quedan agora é reducido, cada vez redúcese máis. Por tanto, é unha decisión loxicamente deste grupo político actuar sobre aquelas partidas que traemos hoxe reflectidas a este orzamento, e aí seguramente poderemos discrepar cun grupo, con outro, de cales son as prioridades, pero a marxe de actuación é a que é, e rebaixar corenta millóns de euros dun orzamento de cento setenta e pasalo a cento trinta, créanme que é realmente complicado. E aqueles que teñen responsabilidade de goberno, sexan da cor que sexan, estou seguro que saben do que estou a falar, estou completamente seguro de que coinciden comigo.

Claro, neste orzamento, que é o que reducimos? Este orzamento parte dunha prioridade básica e é axudar aos concellos. Os concellos e as entidades nesta Deputación teñen fundamentalmente dúas liñas de axuda, unha para investimentos e outra para mantemento. Nós neste momento de crise, porque se cabe hai algúns que pensan que aínda non estamos en crise, pero nós somos conscientes de que estamos en crise, neste momento no que temos menos recursos dispoñibles todos, todos, cremos que é fundamental que os concellos manteñan os servizos que están a prestar, todos os concellos da provincia manteñan os servizos que están a prestar. Por iso nas nosas partidas facemos unha vinculación das liñas de axuda destinadas a mantemento e as destinadas a investimentos. Sinceramente, cremos que non é o momento de facer grandes investimentos en concellos, que este ano e o que vén, probablemente sexa o momento de manter os servizos que viñamos prestando durante anos, e aí vai enfocado este orzamento da Deputación. Agora ben, non cerramos desde logo a porta a que se un concello ten capacidade económica para poder afrontar un investimento, o poida facer, por iso as partidas se reducen, e por iso as partidas se reducen tamén en investimento. Claro que nos gustaría ter un orzamento, non de 170, de 190, a quen non, a vostedes tamén, pero esa non é a realidade, desgraciadamente, froito de moitos asuntos anteriores e que veñen de atrás, que non vou entrar.

Por tanto, o que estamos a facer é reducir o noso orzamento nun momento moi complicado onde as necesidades son cada vez maiores, dándolle a posibilidade aos concellos que poidan manter investimentos, pero sobre todo que poidan manter os servizos que están a prestar, e a pesar diso, aínda temos algunha prioridade máis. Hai partidas que, efectivamente, se reducen, reducións importantes nalgunha delas, pero non se lle escapa a todo aquel que ten experiencia nesta Deputación, e o portavoz e ex-presidente desta falou diso, que ao longo do ano o orzamento finalmente executado no exercicio non ten nada que ver, afortunadamente ata o de agora, co orzamento inicialmente previsto. Por tanto, ese diñeiro que imos ter, claro que efectivamente recollo esa luva e van ser para investimentos nos concellos, claro que si, porque son os máis necesitados. Por tanto, as partidas que finalmente poderemos ter ao longo do ano, incorporando remanentes dos anos anteriores, van ser, ou espero, non probablemente do volume dos anteriores exercicios, pero van ser importantes e van ir destinadas para iso. Pero, efectivamente, o orzamento ten que cadrar, e por iso é onde nós estamos facendo un axuste, pero ollo, o axuste non o facemos lineal, porque rebaixar un 22% non significa baixar un 22% en todas as partidas de gasto porque dicía inicialmente que hai partidas que non se poden tocar, e hai outras que, en consecuencia, teñen que reducirse máis dun 22%, e claro, cando non estamos de acordo con ningunha redución, entón a pregunta é clara, entón por onde incrementamos o gasto senón temos que reducir? E iso é algo que quedou pendente, no caso do portavoz do Bloque Nacionalista Galego, de contestar. Podemos estimar que os ingresos da Deputación non van ser estes, e van ser outros, pero estariamos enganando, e eu creo que os cidadáns están cansados de que os políticos os enganen, e por tanto imos ser realistas. E espero e desexo que as previsións de ingresos para o ano que vén sexan maiores das que temos agora, e podamos afrontar moitas máis necesidades, estou convencido diso, pero inicialmente prefiro axustarme e pórme serio para posteriormente poder concedernos a todos esas alegrías que necesitan os concellos.

Pero dicía que o axuste non é lineal en todas as partidas, e non é lineal en todas as partidas porque hai partidas que son prioridade para esta Deputación, e as partidas que son prioridade para esta Deputación é o gasto social. No gasto social non se baixa linealmente igual que no resto das partidas, non, non, non se baixa, pero non é que non se baixe linealmente, é que non se baixa nada, é que é máis, increméntase cuantitativamente o importe. É certo que se se mira a cifra final son douscentos e pico mil euros, pero hai máis, porque ese programa de eliminación de barreiras arquitectónicas dotados con dous millóns xa chegou á súa finalidade e eses dous millóns incorpóranse como máis gasto social.

Por tanto, cuantitativamente o global increméntase pouco, si, pero increméntase, cando noutras partidas se reduce e, como xa anunciamos a todos os concellos por unha carta que saíu onte mesmo, temos previsións de que se incremente moito máis. Por tanto, estamos a ter unha prioridade clara, que son os servizos sociais, e sobre iso parece que o debate pasou por riba sen querer pararse, para nós é fundamental os servizos sociais e o emprego, e está claro que nós, aínda que falase con Merkel, que non é o caso, non vou poder solucionar o problema do paro, pero si imos poder pór o noso gran de area. E se todas as administracións facemos iso, probablemente, se todas as administracións damos signos de seriedade, probablemente a solución a todos os problemas estea máis preto que lonxe, e ese é o empeño desta Deputación.

Por tanto, neste orzamento, no que axustamos un 22%, no que fixemos as nosas prioridades, no que seguimos o camiño que a anterior Corporación tiña establecido de reducir a débeda, imos deixar unha débeda ao redor da do ano 98, e iso é importante porque gañamos en seriedade e poderemos afrontar outros gastos no futuro, e iso é o que realmente nos move a nosa forma de traballar.

E hai outras partidas nas que non vou entrar nos detalles, pero si que hai outras cousas que son novidade neste orzamento, e que non se tocou por parte de ningún portavoz, e gustaríame dicilas ou nomealas puntualmente, e é que imos introducir un concepto no que seguro que están todos vostedes de acordo, e é que nas bases das subvencións do ano que vén imos introducir na medida do posible moita máis seriedade e moita máis transparencia porque, se a día de hoxe, e na provincia da Coruña paréceme que existe algún, algún concello non ten presentadas as contas ante o Tribunal de Contas non vai ter dereito a poder pedir unha subvención na Deputación, e eu creo que iso é bo porque gañamos en corresponsabilidade, gañamos en transparencia e facemos que aqueles que xestionan ben as contas do seu concello poidan presumir delas, e aqueles que xestionan mal as contas dos seus concellos, teñan que pagar tamén as súas responsabilidades, porque iso tamén está ben, e desde logo pedimos máis transparencia aos concellos para poder vir aquí a pedir axuda. E imos pedirlle aos concellos ademais nesas bases que aparecen nos orzamentos que sexan corresponsables fiscais, non é normal, e seguro que todos o comparten, que algún concello que non queira cobrar aos seus veciños, afortunadamente moi pouquiños, o recibo do lixo, veña despois a pedir ao resto das administracións que lle axuden para levar a cabo algún pequeno investimento, pois hai que ser corresponsables do gasto, e se lles prestan

determinados servizos que por lei vén recollido que teñen que ser sufragados nunha porcentaxe polos propios usuarios, que tamén se faga. Eu creo que iso é avanzar na transparencia e avanzar na corresponsabilidade fiscal dos concellos e iso tamén aparece recollido, por primeira vez, dunha maneira moito máis clara, nesas bases de execución do orzamento, e creo que é importante, tanto para os concellos como para as entidades que estean rexistradas nos seus respectivos rexistros e que cumpran coas obrigas de ter as contas ao día, iso é importante e é unha novidade nestes orzamentos.

Por tanto, creo que estes orzamentos son, non vou dicir os mellores que se podían facer, pero son uns bos orzamentos, nos que poderiamos discutir, como dicía o Sr. Moreda, en que partida se baixa máis ou en que partida se baixa menos, ou que prioridade podería haber, eu iso admítooo, claro, outros puntos de vista non cadran en absoluto con esta Deputación, e home, boto de menos unha certa, xa que os orzamentos, como dicía o portavoz do Partido Socialista, son os mesmos salvo os axustes, claro, se os axustes hai que facelos, boto de menos esa concordancia co que se fixo anteriormente cando estaba gobernada esta institución por outros grupos políticos.

De todos os xeitos quero agradecer, e para terminar, ese voto de confianza que se traduce na abstención do Grupo Socialista, e quero agradecer as achegas que tamén fixo, aínda que non as comparta, o portavoz do Bloque Nacionalista Galego.

## VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: 5 deputados (BNG)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

## ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Examinado o expediente que contén o Proxecto de ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL para o exercicio económico de 2012, que presenta o Sr. presidente, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, art. 18 do R.D. 500/90 do 20 de abril e art. 168 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, procede:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL para o exercicio 2012 por importe de 136.998.500,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:**

**A) INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

1. **OPERACIÓNS CORRENTES:**

| | | |
|---|---|---|
| CAPÍTULO I | Impostos directos | 12.617.780,14 |
| CAPÍTULO II | Impostos indirectos | 7.771.040,45 |
| CAPÍTULO III | Taxas e outros ingresos | 8.752.640,34 |
| CAPÍTULO IV | Transferencias correntes | 89.707.756,26 |
| CAPÍTULO V | Ingresos patrimoniais | 3.395.104,64 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **122.244.321,83** |

2. **OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

| | | |
|---|---|---|
| CAPÍTULO VI: | Alleamento de investimentos reais | 2.600.400,00 |
| CAPÍTULO VII | Transferencias de capital | 3.023.778,17 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **5.624.178,17** |

3. **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**

| | | |
|---|---|---|
| CAPÍTULO VIII | Activos financeiros | 730.000,00 |
| CAPÍTULO IX | Pasivos financeiros | 8.400.000,00 |
| **TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | | **9.130.000,00** |

**TOTAL DE ORZAMENTO XERAL** **136.998.500,00**

**B) GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS:**

1. **OPERACIÓNS CORRENTES:**

| | | |
|---|---|---|
| CAPÍTULO I | Gastos de persoal | 38.656.689,36 |
| CAPÍTULO II | Gastos en bens correntes e servizos | 24.569.340,81 |
| CAPÍTULO III | Gastos financeiros | 1.742.260,09 |
| CAPÍTULO IV | Transferencias correntes | 31.661.026,02 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **96.629.316,28** |

2. **OPERACIÓNS DE CAPITAL:**

| | | |
|---|---|---|
| CAPÍTULO VI: | Investimentos reais | 11.756.674,00 |
| CAPÍTULO VII | Transferencias de capital | 15.475.403,62 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **27.232.077,62** |

3. **OPERACIÓNS FINANCEIRAS:**

| | | |
|---|---|---|
| CAPÍTULO VIII | Activos financeiros | 954.575,00 |
| CAPÍTULO IX | Pasivos financeiros | 12.182.531,10 |
| | **TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS** | **13.137.106,10** |

**TOTAL DE ORZAMENTO XERAL** **136.998.500,00**

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:**

| Grupo de función | Denominación | Orzamento |
|---|---|---|
| 1 | Servizos públicos básicos | 1.834.703,20 |
| 2 | Actuacións protección e promoción social | 28.223.442,84 |
| 3 | Produción bens públicos carácter preferente | 18.442.196,15 |
| 4 | Actuacións de carácter económico | 36.954.158,96 |
| 9 | Actuacións de carácter xeral | 37.634.207,66 |
| 0 | Débeda pública | 13.909.791,19 |

**TOTAL DE ORZAMENTO XERAL** **136.998.500,00**

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme co disposto no art. 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/90 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se presentan reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo estabelece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

4º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente."

**20.-TOMA DE COÑECEMENTO DOS INFORMES CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO, SEGUNDO E TERCEIRO TRIMESTRE DE 2011 DO CUMPRIMENTO POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) DO ARTIGO CATRO DA LEI 15/2010 DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004 DO 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Primeiro: Tomar coñecemento dos informes emitidos polo auditor interno da FAEPAC no cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais e na aplicación do principio da transparencia. Xa que é unha fundación pública local participada na súa meirande parte pola Deputación da Coruña.

Segundo: Que a Fundación está a publicar os informes na súa páxina de internet dentro do seu apartado de información económica e contable para dar cumprimento do principio da transparencia.

Terceiro: Que se fixo a súa presentación telemática, cunha sinatura electrónica, na oficina virtual da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais do Ministerio de Economía e Facenda.

Cuarto: Que de acordo co disposto nos artigos 17 e 20 dos Estatutos da FAEPAC, o seu presidente dará coñecemento destes informes ao Padroado na vindeira sesión que celebre se é anterior á da aprobación das contas anuais. Xa que a Disposición adicional terceira da Lei 15/2010 establece que as sociedades terán que publicar dun xeito expreso as informacións sobre prazos de pagos aos seus provedores na memoria das contas anuais. Esta previsión legal desenvólvese polo Instituto de Contabilidade e

Auditoría de Contas (ICAC) mediante unha Resolución do 29 de decembro do 2010 (BOE número 318, do 31 de decembro) e na contestación dunha consulta publicada no BOICAC número 84/2010."

**21.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2011 DO CUMPRIMENTO POLO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA DO ARTIGO CATRO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Primeiro: Tomar coñecemento do informe emitido pola secretaria-interventora do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña en cumprimento do establecido nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto no devandito informe.

Segundo: Dispor que haxa unha ligazón na paxina web da Deputación co do Consorcio para que a documentación referenciada no apartado anterior poida ser obxecto do seu exame e consulta polos interesados.

Terceiro: Tomar coñecemento de que o Consorcio está a enviar a devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda."

**22.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DAS DELEGACIÓNS DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARANGA EN MATERIA DE XESTIÓN, INSPECCIÓN E RECADACIÓN VOLUNTARIA E EXECUTIVA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTOS ESPECIAS CONSTITUÍDOS NO SOLO, SUBSOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"Aceptar a ampliación das competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Aranga en relación coa seguinte materia:

- Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación, afectará tanto ao suposto xeral do artigo 24 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos

ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación, levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo."

**23.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS AUDITORÍAS DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS: INFORME SOBRE ACTUACIÓNS PENDENTES DO PLAN DE 2010 E SITUACIÓN DO PLAN DE 2011. CONSIDERACIÓNS MÁIS RELEVANTES.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre o estado das auditorías de control financeiro de subvencións (Plan de 2010 e Plan de 2011), así como das consideracións e conclusións do dito informe.

SEGUNDO.- Que, baixo a dirección da Intervención xeral e con medios exclusivamente propios, respectando plenamente a doutrina do Tribunal de Contas, se continúe coa execución do Plan de auditorías para o exercicio do control financeiro de subvencións, dándolle remate ás actuacións pendentes do ano 2010 e executando todos os expedientes que foron obxecto de elección por sorteo no exercicio 2011, de xeito que esta actividade poida estar completa para elevar ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria que teña lugar no mes de maio de 2012.

TERCEIRO.- Que, tomando en consideración as recomendacións expostas, na medida do posible, se incorporen ás Bases de convocatorias do exercicio 2012 algunhas das medidas propostas.

CUARTO.- Que ao longo do ano 2012 se volvan ofrecer accións formativas destinadas ao persoal directivo e administrativo das entidades non lucrativas, para que coñezan as obrigas dos beneficiarios de subvencións, con especial atención ao cumprimento da normativa contable."

**24.-APROBACIÓN DO PROXECTO REDE XIANA 2.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1º.- Tomar coñecemento da subvención concedida polo Ministerio de Política Territorial e Administración Pública, Resolución de 22 de xuño de 2011, da Secretaria de Estado de Cooperación Territorial, pola que se resolve a convocatoria 2011 de axudas do Fondo Social Europeo (FSE) para a execución do proxecto REDE XIANA 2,

para proxectos que fomenten pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, sendo o presuposto de execución o seguinte:

- Achega Fondo Social Europeo (FSE): 1.365.028,91 euros
- Achega Deputación da Coruña. Fondos Propios: 500.000,00 euros

**TOTAL PROXECTO 1.865.028,91 euros**

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto REDE XIANA 2, código: 2011.3.81000.1, sendo a distribución temporal de ingresos a seguinte:

**INGRESOS**

| ENTIDADE | ANO 2011 | ANO 2012 | ANO 2013 | ANO 2014 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Deputación da Coruña | 11.515,00 | 248.352,29 | 209.287,71 | 30.845,00 | 500.000,00 |
| Fondo Social Europeo (FSE) | 46.060,00 | 644.574,08 | 550.514,83 | 123.880,00 | 1.365.028,91 |
| **TOTAL** | **57.575,00** | **892.926,37** | **759.802,54** | **154.725,00** | **1.865.028,91** |

3º.- Facultar á Presidencia da Deputación para realizar as actuacións que sexan necesarias para a súa execución."

## 25.-APROBACIÓN DO CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORGANIGRAMA 2012.

INTERVENCIÓNS

Sr. Presidente

Antes de pasar ás intervencións, hei de lembrarlles que me parece que lles foi subministrada unha folla a todos os deputados, froito de que o que aparecía na orde do día, esa folla non recollía un parágrafo que correspondía ao ditame da Comisión.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Moi brevemente para dicir que o Grupo Socialista vaise abster neste punto. Creo que a Deputación toma unha decisión que pode xerar problemas serios entre o persoal funcionario, a creación dunha praza de director de Área, é dicir, a creación de novos niveis na estrutura administrativa da Deputación, non vén resolver ningún problema que exista actualmente exposto nesta casa, pero pode xerar moitos problemas no futuro, porque non cabe que calquera outro Servizo desta casa poida reivindicar que nese Servizo se cree tamén unha praza de director de Área.

Este é un tema que xa se valorou e cando tiñamos que tomar unha decisión non a tomamos, porque consideramos que xerabamos moito problema, teñen vostedes a maioría suficiente para facelo se queren, eu dígolles, pídolles, que mediten sobre isto, que miren os problemas que resolven e que analicen os problemas que se poden xerar. Indubidablemente, este non é un motivo para votar en contra deste punto, por tanto, ímonos abster por este tema, co resto non hai ningún problema, e queremos deixar constancia desta opinión.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (PP)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

**ACORDO**

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

"1.- Aprobar as seguintes modificacións no cadro de persoal e relación de postos de traballo e organigramas vixentes:

**FOGAR INFANTIL DE FERROL**

- Transformación dunha praza e posto de celador/a laboral (V.7) nunha praza e posto de auxiliar educador funcionario (C2,16)
- Incluír o equivalente ao factor de traballo a quendas do específico do persoal funcionario nas retribucións do único posto de cociñeiro laboral que non o ten asignado.

**PATRIMONIO E CONTRATACIÓN**

- Incluír no complemento específico dun posto de administrativo de administración xeral o factor de "tramitación de anticipos de caixa fixa".
- Suprimir o factor de "habilitación de anticipos de caixa fixa" do complemento específico do posto de xefe de negociado de subministracións e incluílo no do posto de xefe de sección.

**IMPRENTA PROVINCIAL**

- Unificar as retribucións dos postos de traballo encadrados nos grupos de convenio III.3 e IV.2, “oficial de imprenta”, ”corrector”, “gravador de texto”, “impresor” e “oficial industrial

**SERVIZO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA**

Transformar 1 praza e posto de “subinspector de tributos locais”, grupo A2, nivel 24, nunha praza e posto de “Inspector de tributos locais”, grupo A1, nivel 26, co factor de especial dedicación

**SECRETARÍA PARTICULAR DE PRESIDENCIA E RELACIÓNS PUBLICAS**

- Crear dous postos de secretaría particular de gabinete de Presidencia, grupos C1, nivel 22, escala AX, co factor de especial dedicación e modo de provisión, a libre designación.
- Crear unha praza e posto de secretaría particular de Vicepresidencia, grupo C1, nivel 22, escala AX, co factor de especial dedicación e modo de provisión, a libre designación.
- Crear unha praza e posto de secretaría particular de gabinete, grupo C1, nivel 19, escala AX, co factor de especial dedicación e modo de provisión, a libre designación

**TESOURERÍA XERAL**

-Amortizar un posto de administrativo de administración xeral, grupo C1, nivel 19

**SERVIZO DE FOMENTO**

-Amortizar un posto de administrativo de administración xeral, grupo C1, nivel 19

**ENXEÑERÍA E MANTEMENTO**

- Incluír o factor de “dispoñibilidade festivos” no complemento específico de dous postos de oficial operario de servizos, grupo C2, nivel 16.

- Incrementar nas retribucións totais o equivalente ao factor de “dispoñibilidade festivos” do persoal funcionario, a tres postos de oficial operario de servizos, laborais, grupo IV.3.

**SERVIZO DE INFORMÁTICA**
**SERVIZO DE ORGANIZACIÓN, CALIDADE E MODERNIZACION**

- Crear un posto e praza de director de área de Organización e Sistemas, grupo A1, nivel 29, co factor de especial dedicación no complemento específico, AX/AE clase, técnico superior, forma de provisión a libre designación.

- Amortizar no actual servizo de Informática, unha praza e posto de auxiliar gravador, grupo C2, nivel 16.
- Amortizar no actual servizo de Organización, Calidade e Modernización, dúas prazas e postos de técnicos superiores de informática, grupo A1, nivel 22.

- Transformar un posto e praza de "preparador de traballos", grupo C1, nivel 17 nun posto e praza de "administrativo de administración xeral" grupo C1, nivel 19.
- Aprobar a elaboración dun Plan de emprego específico para a reestruturación desta nova Area de Organización e Sistemas

**PERSOAL EVENTUAL**

- Amortizar un posto de técnico, A2, nivel 21 con especial dedicación.
- Crear un posto de técnico, A1, nivel 24, sen especial dedicación

**PAZO DE MARIÑÁN**

- Amortizar dúas prazas e postos de camareiros laborais, grupo V.6, un deles co factor de traballo a quendas no complemento específico.
- Amortizar unha praza e posto de axudante de cociña, E,13, con factor de traballo a quendas no específico.
- Amortizar unha praza e posto de camareiro funcionario, E,13

**SERVIZOS XERAIS CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO**

- Amortizar un posto e praza de sereno (V.4)

**CENTRO RESIDENCIAL CALVO SOTELO**

- Amortizar un posto e praza de operario de servizos varios (V.10).

**FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY**

- Amortizar un posto e praza de auxiliar educador , grupo C2, nivel 16.

- Aprobar os organigramas seguintes

# DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

## ORGANIGRAMAS 2012

# DIPUTACIÓN PROVINCIAL




## ORGANIGRAMAS DETALLADOS

- 1.1 SERVICIO DE FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES (ESQUEMA DE UNIDADES)
- 1.2 SERVICIO DE FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES
- 5 SECRETARÍA GENERAL
- 6 SERVICIO DE GESTIÓN DE PLANES
- 7 OFICIALÍA MAYOR
- 8 SECCIÓN DE ACTAS, REGISTRO E INFORMACIÓN
- 10 PARQUE MÓVIL
- 11 SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN
- 13 ASISTENCIA A MUNICIPIOS (ESQUEMA)
- 14 SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS
- 15 SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS
- 16 SERVICIOS INTERNOS
- 17 SERVICO DE PLANIFICACIÓN Y GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS
- 19 SERVICIO DE VÍAS Y OBRAS
- 20 SERVICIO DE ARQUITECTURA
- 21 SERVICIO DE INGENIERÍA Y MANTENIMIENTO
- 22 INTERVENCIÓN GENERAL
- 23 SERVCIO DE CONTABILIDAD
- 24 SERVICIO DE FISCALIZACIÓN
- 25 SECCIÓN DE PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONÓMICOS
- 26 SERVICIO DE PLANIFICACIÓN, DESARROLLO TERRITORIAL Y UNIÓN EUROPEA
- 27 GABINETE DE PRESIDENCIA
- 29 ORGANIZACIÓN Y SISTEMAS
- 30 SERVICIO DE GESTIÓN TRIBUTARIA
- 31 SERVICIO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA
- 32.1 SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN (CENTRAL)
- 32.2 SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN (ZONAS)
- 33 TESORERÍA
- 34 IMPRENTA PROVINCIAL
- 35 BIBLIOTECA Y ARCHIVO
- 36 CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA
- 37.1 I.E.S. CALVO SOTELO
- 37.2 C.R.D. CALVO SOTELO
- 37.3 SERVICIOS GENERALES CALVO SOTELO
- 38 I.E.S. PUGA RAMÓN
- 39 HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY
- 40 HOGAR INFANTIL DE FERROL
- 41 PAZO DE MARIÑAN

# SERVICIO DE FOMENTO Y SERVICIOS PROVINCIALES



## SERVICIO DE GESTIÓN DE PLANES



## ACTAS, REGISTRO E INFORMACIÓN



## SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN



## ASISTENCIA A MUNICIPIOS



## SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS



## SERVICIO DE ASISTENCIA ECONÓMICA A MUNICIPIOS



## SERVICIOS INTERNOS



## SERVICIO DE PLANIFICACIÓN Y GESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS



# SERVICIO DE VÍAS Y OBRAS



## SERVICIO DE ARQUITECTURA



## SERVICIO DE INGENIERÍA Y MANTENIMIENTO



## INTERVENCIÓN GENERAL



## SERVICIO DE CONTABILIDAD



# SERVICIO DE FISCALIZACIÓN



## PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONÓMICOS



## SERVICIO DE  DE PLANIFICACIÓN, DESARROLLO TERRITORIAL Y UNIÓN EUROPEA



## GABINETE DE PRESIDENCIA



# ORGANIZACIÓN Y SISTEMAS



# SERVICIO DE GESTIÓN TRIBUTARIA



## SERVICIO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA



# SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN
# (SERVICIOS CENTRALES)




32.1

# SERVICIO PROVINCIAL DE RECAUDACIÓN (ZONAS RECAUDATORIAS)




32.2

# TESORERÍA


TESORERO
A1
VICETESORERA
A1
SECRETARIA DE TESORERÍA PROVINCIAL
A2/C1
RECAUDACIÓN
GESTIÓN TRIBUTARIA
INSPECCIÓN TRIBUTARIA
JEFE SECCIÓN TESORERÍA
COMISIÓN DE SERVICIO
A1/A2
JEFE SECCIÓN ASISTENCIA A CONTRIBUYENTES
A1/A2
JEFE DE SECCIÓN UISMT
COMISIÓN DE SERVICIOS
A1/A2
JEFA DE NEGOCIADO DE CONTABILIDAD
COMISIÓN DE SERVICIOS
CON RESERVA
A2/C1
JEFE NEGOCIADO INGRESOS
A2/C1
JEFE NEGOCIADO DEVOLUCIONES
A2/C1
JEFE DE NEGOCIADO DE INFORMACIÓN
COMISIÓN DE SERVICIOS
A2/C1
JEFE DE NEGOCIADO DE UISMT
COMISIÓN DE SERVICIOS
A2/C1
TÉCNICO GESTIÓN TRIBUTARIA
INTERINADA
A2
TÉCNICO GESTIÓN TRIBUTARIA
CON RESERVA-
INTERINADA
A2
TÉCNICO GESTIÓN TRIBUTARIA
A2
TÉCNICO GESTIÓN TRIBUTARIA
INTERINADA
A2
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
INTERINADA
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
COMISIÓN SERVICIO
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
C1
AUXILIAR ADMÓN. GENERAL
C2
AUXILIAR ADMÓN. GENERAL
C2
AUXILIAR ADMÓN. GENERAL
C2
AUXILIAR ADMÓN. GENERAL
C2
ADMINISTRATIVO ADMÓN. GENERAL
INTERINADA
C1

# IMPRENTA PROVINCIAL



# BIBLIOTECA - ARCHIVO



# CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA



# I.E.S. - CALVO SOTELO




37.1

## CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE - CALVO SOTELO



## SERVICIOS GENERALES CENTRO EDUCATIVO CALVO SOTELO




37.3

# I.E.S. RAFAEL PUGA RAMÓN

## I.E.S. RAFAEL PUGA RAMÓN



# HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

HOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

JEFA DE SECCIÓN SERVICIOS SOCIALES
A1/A2

DIRECTOR INTERINADA
A1

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| PSICOLOGO INTERINADA A1 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR INTERINADA C2 | AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO C2 | OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS E |
| ADMINSITRATIVO ADMON. GENERAL C1 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR INTERINADA C2 | AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO INTERINADA C2 | OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS V.10 |
| TELEFONISTA E | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR INTERINADA C2 | AUXILIAR EDUCADOR INTERINADA C2 | AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO INTERINADA C2 | OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS INTERINADA E |
| TELEFONISTA E | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR INTERINADA C2 | AUXILIAR EDUCADOR INTERINADA C2 | AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO INTERINADA C2 | OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS INTERINADA V.10 |
| COCINERO/A C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR C2 | AUXILIAR EDUCADOR VACANTE C2 | AUXILIAR EDUCADOR INTERINADA C2 | AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO INTERINADA C2 | OPERARIO/A SERVICIOS VARIOS INTERINADA E |
| COCINERO/A IV.5 | CELADOR/A VACANTE E | CELADOR/A E | CELADOR/A E | AUXILIAR EDUCADOR VACANTE C2 | AUXILIAR EDUCADOR VACANTE C2 | | AUXILIAR EDUCADOR NOCTURNO INTERINADA C2 | |
| COCINERO/A INTERINADA C2 | CELADOR/A E | CELADOR/A V.7 | CELADOR/A V.7 | | | | | |
| COCINERO/A INTERINADA C2 | CELADOR/A E | CELADOR/A E | CELADOR/A E | CELADOR/A INTERINADA E | CELADOR/A INTERINADA E | | | |
| AYUDANTE COCINA VACANTE V.6 | EDUCADOR-TUTOR INTERINADA C1 | EDUCADOR-TUTOR INTERINADA C1 | EDUCADOR-TUTOR INTERINADA C1 | EDUCADOR-TUTOR INTERINADA C1 | | | | |
| AYUDANTE DE COCINA INTERINADA E | EDUCADOR/A INTERINADA C1 | EDUCADOR/A INTERINADA C1 | EDUCADOR/A INTERINADA C1 | EDUCADOR/A INTERINADA C1 | EDUCADOR/A INTERINADA C1 | | | |

# HOGAR INFANTIL DE FERROL



## PAZO DE MARIÑAN



3.- Aprobar o cadro de persoal e relación de Postos de Traballo para 2012 seguintes:

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**
**PERSOAL 2012**

**PERSOAL FUNCIONARIO**

**DENOMINACIÓN-SUBGRUPO-PRAZAS**

**FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL**

Secretario xeral: A1-1
Interventor xeral: A1-1
Tesoureiro: A1-1
Oficial maior: A1-1
Viceinterventor:A1-1
Interventor adxunto: A1-1
Vicetesuoreiro: A1-1
Xefe servizo Asistencia Económica: A1-1

**ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

**SUBESCALAS**

Técnica: A1-20
Xestión: A2-25
Administrativa: C1-172
Auxiliar: C2-32
Subalterna: E (Lei 30/1984)-21

**ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

**SUBESCALA TÉCNICA**

**CLASE TÉCNICOS SUPERIORES**

Letrado asesor xurídico: A1-1
Letrado adxunto: A1-2
Arquitecto: A1-2
Enxeñeiro industrial: A1-1
Enxeñeiro Vías e Obras: A1-3
Arquiveiro bibliotecario: A1-1
Técnico de organización: A1-4
Xefe Servizo de Informática: A1-1
Técnico Superior Informática: A1-3
Técnico Superior Unión Europea: A1-2
Analista: A1-8
Técnico normalización lingüística: A1-2
Técnico políticas de igualdade: A1-1
Xefe Servizo Xestión Tributaria: A1-1
Xefe Servizo Inspección Tributaria: A1-1
Inspector de Tributos Locais: A1-2
Profesor Secundaria R. Puga Ramón: A1-35
Profesor Secundaria Calvo Sotelo: A1-8

Xefe Serv. Asist. Técnica: A1-1
Xornalista: A1-1
Administrador da contorna informática: A1-1
Técnico de xestión cultural: A1-1
Recadador de tributos locais: A1-2
Técnico prevención riscos laborais: A1-1
Técnico biblioteca e arquivo: A1-1
Técnico xestión proxectos: A1-3
Psicólogo: A1-1
Director Fogar Infantil Emilio Romay: A1-1
Técnico servizos sociais: A1-1

**CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO**

Profesor música-pianista: A2-5
Profesora de danza: A2-6
Arquitectos técnicos: A2-6
Enxeñeiros técnicos Vías e Obras: A2-5
Enxeñeiro técnico agrícola: A2-1
Enxeñeiro técnico industrial: A2-2
Analista programador: A2-2
Encargado imprenta: A2-1
Técnicos servizos sociais: A2-3
Profesor Fogar Instituto R. Puga Ramón: A2-1
Axudante arquivo e biblioteca: A2-11
Enxeñeiros técnicos en topografía: A2-2
Técnicos de xestión económico-financeira: A2-16
Profesor E.F. Instituto Puga Ramón: A2-1
Profesor E.C. Instituto Puga Ramón: A2-1
Monitor: A2-1
Analistas técnicos: A2-3
Técnicos de Xestión Tributaria: A2-28
Profesores técnicos FP : A2-17
Profesor de apoio IES Puga Ramón: A2-1
A.T.S./D.U.E. de Empresa: A2-1
Asesor sistemas xestión municipal: A2-5
Técnico de xestión administración especial: A2-3
Educador Fogar Infantil Ferrol: A2-2
Técnico de Protocolo: A2-1

**CLASE TÉCNICOS AUXILIARES**

Delineantes: C1-6
Programador de sistemas: C1-3
Técnico explotación nocturna: C1-1
Programador de aplicacións: C1-8
Operador de ordenador: C1-3
Monitor técnico: C1-2
Axentes tributarios: C1-2
Especialista en Educación Infantil: C1-2
Educador F.I. Emilio Romay (quenda 24 horas): C1-5
Educador/ Titor : C1-6
Auxiliar Técnico Infraest. e Conservación: C1-17

**SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS**

**PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS**

Condutores mecánicos: C2-15
Auxiliar educador: C2-50
Subgobernanta: C2-1
Telefonista: E (Lei 30/1984)-4
Celadoras: E (Lei 30/1984)-9
Celadora/Subalterno: E (Lei 30/1984)-2
Costureiras: E (Lei 30/1984)-2

**PERSOAL DE OFICIOS**

Oficial operario de servizos: C2-2
Oficiais industriais Imprenta: C2-4
Cociñeiros: C2-5
Axudantes de cociña: E (Lei 30/1984)-3
Camareiras: E (Lei 30/1984)-5
Operario de servizo: E (Lei 30/1984)-1
Operario Sabón: E (Lei 30/1984)-2
Operaria de servizos varios: E (Lei 30/1984)-3

**PERSOAL LABORAL**

Recadador de tributos locais: 2
Oficiais Maiores: 5
Oficiais 1ª (R): 10
Oficiais 2ª (R): 23
Profesores de Ensino Secundario.: 1
Axudante de arquivo biblioteca: 1
Director Fogar Infantil Ferrol: 1
Técnico de son: 1
Administrativo: 2
Operario auxiliar Serv. Imprenta: 1
Operario auxiliar Serv. Biblioteca: 1
Operario auxiliar Serv. C. Danza: 1
Oficial operario de servizos: 3
A.T.S.: 1
Oficial mantemento: 1
Oficial carpintería: 1
Ordenanzas: 2
Subalternos: 6
Telefonistas: 2
Axudante de cociña: 4
Oper. serv. varios: 7
Celadoras: 4
Encargadas de portería: 2
Corrector de Imprenta: 1
Responsables fotocomposición, impresión e deseño gráfico: 3
Oficiais de imprenta F.P. II: 6
Oficiais industriais: 1
Impresor: 1
Gravadores de texto: 3
Gobernanta Pazo de Mariñán: 1
Cociñeira: 8

Oper. Agrícola: 2
Operario agrícola encargado: 1
Auxiliar técnico en topografía: 2
Mozo de servizo: 1
Operario auxiliar de almacén: 1
Auxiliar:1
**PERSOAL EVENTUAL**

Asesores: 1
Técnicos: 6
Administrativos: 7
Auxiliares: 18

**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO- PERSOAL FUNCIONARIO- 2012**

| POSTO DE TRABALLO | NIVEL | GRUPO | DOTACIÓN | TP | FORMA DE PROVI-SIÓN | ADM | ESCALA | TITULACIÓN | FORMACIÓN ESPECÍFICA | OBSERVACIÓNS | C.ESPECÍFICO 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **SECRETARIA PARTICULAR DE PRESIDENCIA E RELACIÓNS PÚBLICAS** | | | | | | | | | | | |
| XORNALISTA | 24 | A1 | 1 | S | C. | | A.E. | Ldo.CC. Inf.Perio-dismo | | ESPECIAL DEDICACIÓN. DISPOÑIBILI-DADE FESTIVOS | 26.986,18 |
| XEFE DE NEGOCIADO | 22 | A2/C1 | 1 | N | C. | | AX/A.E. | 2/3/9 | | ESPECIAL DEDICACIÓN | 17.351,25 |
| TÉCNICO PROTOCOLO | 22 | A2 | 1 | N | C. | | AX/A.E. | 2/3/9 | | ESPECIAL DEDICACIÓN, FESTIVIDADE | 21.205,26 |
| SECRETARIO/A PRESIDENCIA | 22 | A2/C1 | 1 | N | C. | | A.X. | 2/3/9 | | ESPECIAL DEDICACIÓN. | 17.351,25 |
| ADMINISTRATIVO ADMON.XERAL | 19 | C1 | 2 | N | C. | | A.X. | 3 | | | 6.364,27 |
| SECRETARIA PRENSA | 22 | A2/C1 | 1 | N | L.D | | A.X. | 3 | | ESPECIAL DEDICACIÓN. | 17.351,25 |
| SECRETARIO/A GABINETE PRESIDENCIA | 22 | C1 | 2 | N | LD | | A.X. | 3 | | ESPECIAL DEDICACION | 17.351,25 |
| SECRETARIO/A VICEPRESIDENCIA | 22 | C1 | 2 | N | LD | | A.X. | 3 | | ESPECIAL DEDICACIÓN | 17.351,25 |
| SECRETARIO/A GABINETE | 19 | C1 | 1 | N | LD | | A.X. | 3 | | ESPECIAL DEDICACIÓN | 12.957,46 |
| | | | | | | | | | | | |
| **PLANIFICACIÓN, DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL E UNIÓN EUROPEA** | | | | | | | | | | | |
| XEFE DE SERVIZO | 28 | A1 | 1 | S | L.D. | | AX/A.E. | 10 | | ESPECIAL DEDICACIÓN. | 27.699,65 |
| XEFE SECCIÓN U.E. E AC.EXT. | 24 | A1/A2 | 1 | S | C. | | AX/A.E | 1/2/6/7/9 | | | 14.150,24 |
| TÉCNICO XESTIÓN PROXECTOS | 22 | A1 | 3 | N | C. | | A.E | 1/6/7 | | | 8.558,19 |
| TÉCNICO SUPERIOR UNIÓN EUROPEA | 22 | A1 | 2 | N | C. | | A.E | 1/7 | | | 8.558,19 |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL | 19 | C1 | 2 | N | C. | | A.X. | 3 | | | 6.364,27 |
| AUXILIAR ADMÓN. XERAL | 16 | C2 | 1 | N | C. | | A.X. | 4 | | | 5.745,51 |
| | | | | | | | | | | | |
| **ASESORÍA XURIDICA** | | | | | | | | | | | |
| ASESOR XURÍDICO | 28 | A1 | 1 | S | C. | | A.E | Ldo.Dereito | | ESPECIAL DEDICACIÓN. | 27.699,65 |
| LETRADO ASESOR ADXUNTO | 26 | A1 | 2 | S | C. | | A.E | Ldo.Dereito | | ESPECIAL DEDICACIÓN. | 26.548,67 |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL | 19 | C1 | 1 | N | C. | | A.X. | 3 | | ESPECIAL DEDICACIÓN. | 12.957,46 |

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XERAL | 19 | C1 | 1 | N | C. | | A.X. | 3 | | | 6.364,27 |
| AUXILIAR ADMÓN. XERAL | 16 | C2 | 1 | N | C. | | A.X. | 4 | | | 5.745,51 |
| | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | |
| **ACTAS, REXISTRO E INFORMACIÓN** | | | | | | | | | | | |
| XEFE SECCIÓN | 24 | A1/A2 | 1 | S | C. | | AX/AE | 1/2/9 | | APERTURA PUBLICO SÁBADOS | 15.581,86 |
| XEFE NEGOCIADO | 22 | A2/C1 | 1 | N | C. | | AX/AE | 2/3/9 | | APERTURA PUBLICO SÁBADOS | 10.956,46 |
| ADMINISTRATIVO ADMÓN. XENERAL | 19 | C1 | 7 | N | C. | | AX | 3 | | APERTURA PUBLICO SÁBADOS | 7.827,83 |
| AUXILIAR ADMÓN. XERAL | 16 | C2 | 3 | N | C. | | AX | 4 | | APERTURA PUBLICO SÁBADOS | 7.177,13 |
| TELEFONISTA | 13 | E (L.30/84) | 2 | N | C. | | A.E. | 5 | | | 6.987,91 |
| | | | | | | | | | | | |
